

IV - COMUNICACIONES PRESENTADAS

IV-1. O MARCO INSTITUCIONAL DA EDUCACIÓN DE ADULTOS

A EDUCACIÓN DE ADULTOS EN GALICIA, DA CAMPAÑA DE ALFABETIZACIÓN Á LEI VIXENTE

Camilo Ocampo Gómez
Inspección de Educación Básica

Miguel Anxo Santos Rego
Universidade de Santiago de Compostela

1.- A CAMPAÑA NACIONAL DE ADULTOS E O SEU DESENVOLVEMENTO EN GALICIA

A Campaña Nacional de Alfabetización creouse en España no período franquista, dentro do marco da Lei de Educación Primaria do 17 de Xullo de 1945 e coincidindo co primeiro Plan de Desarrollo Económico, mediante o Decreto 2/24/1963, do 10 de Agosto (B.O.E. do 5 de Setembro). Tiña unha triple finalidade:

- a) alfabetización da poboación que non sabía ler nin escribir.
- b) eleva-lo nivel de instrución daqueles que non estaban en posesión do Certificado de Estudos Primarios.
- c) axudar a dar respostas ás necesidades de desenvolvemento económico e social do país.

O Maxisterio Nacional era o corpo encargado de imparti-las clases de alfabetización, para o que había chegar a tódolos lugares onde houberse analfabetos. Finalmente, á Inspección Profesional de Ensinanza Primaria correspondíalle velar polo cumprimento das normas legais reguladoras da Campaña así como da organización do maxisterio no labor da alfabetización.

O seu desenvolvemento en Galicia tivo as características e efectos que de seguido apuntamos:

Exponse así mesmo que a planificación de actividades na Educación Permanente de Adultos tería a súa base na investigación das necesidades dos grupos sociais, sobre o contido dos programas, a metodoloxía e a psicoloxía dos adultos, correspondéndolle en todo caso o impulso, a planificación e a supervisión ó Ministerio de Educación e Ciencia.

O desenvolvemento de esta Lei en materia de Educación de Adultos tivo os seguintes pasos:

1.- Supresión das Escolas especiais para alfabetización de adultos e creación do programa de Educación Permanente.

2.- Implantación a partir de 1973 dun sistema de subvencións ás Entidades Colaboradoras do programa E.P.A. que realizaban actividades docentes no nivel de E.X.B.

3.- Publicación en 1974 das orientacións pedagóxicas para E.P.A. do nivel de E.X.B., establecéndose a diferenza entre Centro, círculo e aula; a presenza de tres ciclos e sete áreas do currículo especificando contidos e orientacións metodolóxicas.

4.- Regulación do Rexime de autorización das ensinanzas de adultos nos Centros Estatais e non Estatais de E.P.A. para impartir ensinanzas equivalentes a E.X.B..

5.- Establecemento en 1978 dun modelo avaliativo con coordinación entre a E.X.B. e a E.P.A. para obter o título de Graduado Escolar.

6.- Creación do Centro Nacional de Educación Básica de Educación a Distancia en 1979.

7.- Establecemento dun sistema de clases de E.X.B. impartidas por profesores de réxime ordinario en horas extraordinarias.

8.- Entrada en vigor en 1981 dun réxime de administración especial para centros E.P.A. no nivel de E.X.B.

En relación coa campaña o novo programa de E.P.A. para Galicia, lonxe de supor mellora, significou diminución de recursos e salvo as ensinanzas en réxime de horas extraordinarias a penas chegou ó medio rural

3.- O ESTATUTO DE AUTONOMÍA E EDUCACIÓN DE ADULTOS EN GALICIA

Coa entrada en vigor do Estatuto de Autonomía de Galicia e feito o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma Galega en materia de Educación (Real Decreto 1763/1982 do 24 de Xullo, B.O.E. do 31), é competencia da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, a administración da Educación de Adultos, podendo notarse as seguintes liñas básicas de actuación nos últimos dez anos:

1.- Mantemento das clases de E.X.B. para adultos en réxime de horas extraordinarias (ata 1985), do sistema de subvencións a Entidades Colaboradoras dos programas E.P.A. (ata o curso 1990-91) e dos catro centros de réxime de administración especial para ensinanza presencial no nivel de E.X.B.

2.- Participación en 1984 na elaboración dun documento de traballo para prepara-lo Libro Blanco de Educación de Adultos (2).

3.- Creación do Centro Galego de Educación Básica a Distancia (C.E.G.E.B.A.D.) colaborando a través dun convenio co Centro Nacional de Educación Básica a Distancia (C.E.N.E.B.A.D.).

4.- Desenvolvemento dun programa experimental de ensinanza básica a distancia durante os cursos 1986-87 e 1987-88.

5.- Dotación de oito profesores de diferentes áreas con adicación total para que o C.E.G.E.B.A.D. elaborase un material didáctico axeitado á realidade galega.

6.- Creación de varios Centros públicos E.P.A. de tipo presencial (entre 1984-1991).

7.- Creación e posta en funcionamento de catro centros públicos de ensinanza a distancia, Radio ECCA (Entre 1984-1992); creación e posta en marcha de aulas E.P.A. en 26 centros ordinarios de E.X.B. (en 1989).

8.- Convenio coa administración de Xustiza para dotar ós cárceres galegos, a partir do ano académico 1991-92 dun profesor de E.X.B.e especialista en Inglés.

9.- Convocatorias de axudas a institucións e entidades para realizar actividades de educación de adultos xa sexa en colaboración con centros E.P.A. ou de forma independente.

10.- Creación e posta en funcionamento, ata chegar ás 191 unidades operativas nas que se atenden un total de 9.600 alumnos en Galicia.

As actuacións da Administración Galega na Educación Básica de Adultos non chegaron a aborda-la modernización do sector nin a súa estruturación sistemática segundo a Lei Orgánica 5/1990 de ordenación do sistema educativo e a propia Lei Galega de Educación de Adultos de xeito que toda unha serie de cuestións como as que se enumeran a continuación estan a demandar solucións máis o menos urxentes:

1.- Que a administración supere a concepción da educación de adultos como proceso alfabetizador no nivel de E.X.B. de carácter compensatorio.

2.- Que a administración Galega dispoña no seu nivel central dun servizo adicado á educación de adultos.

3.- Outorgar apoios e dotacións á Educación Básica de Adultos que impulsen a súa función formativa e cultural, con especial incidencia no idioma e na cultura galega.

4.- Da-la formación continuada do profesorado tratamento sistemático e preciso, dotando ós C.E.F.O.C.O.P.S de asesores de esta especialidade e resaltando o importante papel dos seminarios de profesores e os proxectos de formación nos propios centros.

5.- Impulsa-la innovación educativa na educación básica de adultos.

6.-Dispoñer dun material didáctico específico para Galicia nas tres modalidades (presencial, semipresencial, e a distancia), para axeita-las ensinanzas ás características do contexto.

7.- Introduci-la orientación educativa nos procesos educativos dos centros E.P.A.

8.- Construcción e mellora dos edificios e materiais dos centros E.P.A., que en varios casos non contan con instalacións propias e noutros resultan reducidas e anticuadas.

9.- Defini-la oferta de Educación Básica de adultos cando se implante a Educación Secundaria Obligatoria en canto a programas, modelos de centros, ubicación e organización dos mesmos, rol do profesorado e currículo a impartir.

4.- LEI GALEGA DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS

A Lei Galega de Educación e Promoción de Adultos de 1992 (lei, 9/1992, do 24 de Xullo, D.O.G. do 6 de Agosto) constitúe o marco legal no cal ha resolve-la Administración educativa os problemas que acabamos de sinalar liñas enriba, xa que é a norma legal que senta os principios rexedores da Formación Básica das persoas adultas.

Esta Lei fai fincapé no desenvolvemento de procesos de pensamento, reflexión e análise que permita a adaptación permanente de tódolos mulleres e homes ás presións cotiás do cambiante medio natural e social, por enriba da mera transmisión de coñecementos. A E.P.A. é así unha tarefa continuada, que para ser acadada, necesita de tódolos recursos posibles e unha axeitada coordinación dos esforzos das institucións públicas e privadas que se define como un conxunto de accións de carácter educativo, cultural, social e profesional orientadas a proporcionarlles a tódolos residentes en Galicia, que superasen a idade de escolaridade obligatoria, o acceso gratuíto ós niveis educativos e profesionais que lles permitan a súa formación persoal e a súa integración e promoción satisfactoria no mundo social e laboral.

Para adecuarse á definición anterior, a Lei expresa no seu título II as "actuacións previas e programas de acción", no título III establece un órgano asesor para a coordinación e seguimento dos programas (Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos), no título IV refírese ós centros e persoal docente e, finalmente no título V céntrase nos fondos necesarios para acadalos obxectivos que a lei marca.

Seguindo o contido desta norma legal e tendo en conta as necesidades urxentes da Educación de Adultos en Galicia identifícanse unha serie de aspectos críticos que anuncian os puntos de desafío que ha enfrenta-la Administración educativa nos próximos anos:

1ª Determinación dos centros públicos de E.P.A. nos que se impartirá a Educación Secundaria Obligatoria .

2ª Coordinación dos centros E.P.A. cos centros que impartan programas de E.P.A.

3ª Defini-la oferta segundo as modalidades : presencial, semipresencial e a distancia.

4ª Elaborar un Deseño Curricular para Formación Básica das Persoas Adultas.

5ª Determina-los cadros de persoal dos centros, definindo as características dos postos de traballo e con indicación -nos públicos- dos corpos concretos ós que corresponda a súa provisión e demais requisitos de titulación e coñecementos.

6ª Oferta planificada de cursos de formación e perfeccionamento do profesorado.

7ª Financiación axeitada das actuacións e programas de Educación e Promoción de Adultos en Galicia.

5.- CONCLUSIÓNS

A Educación básica de Adultos en Galicia aínda se estrutura en gran parte conforme ó modelo compensatorio que se iniciou coa implantación da Campaña de Alfabetización en 1963 e que máis tarde, a pesar das declaracións da Lei Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa de 1970, se perfilou a medida que se foi producindo o desenvolvemento legal da devandita Lei do 70.

A pesar das melloras habidas no sector nos últimos anos estase a facer evidente a urxente necesidade de que a Administración Galega enfrente a modernización do sector e, dentro do novo marco legal da Lei Galega de Educación e Promoción de Adultos, transcendendo o concepto dunha formación básica de adultos puramente compensatoria, se decida a dar solución a cuestións de tanta envergadura como: a planificación dunha rede de centros públicos de Formación Básica de Adultos, a definición dunha oferta suficiente nas distintas modalidades, a experimentación e posterior aprobación dun Deseño Curricular para a Formación Básica de Adultos, a planificación e realización dos correspondentes programas de formación de profesores de F.B.P.A. conforme o novo modelo e a organización dos centros e a elaboración dos novos materiais curriculares.

NOTAS

(1) M.E.C. (1968): *La Educación en España. Bases para una política educativa*. MEC, Madrid, pp. 40-41.

(2) M.E.C. (1984): *Documento de trabajo para facilitar el diálogo preparatorio al Libro Blanco de la Educación de Adultos*, MEC, Madrid.

M.E.C. (1984): *La Educación de Adultos. Un libro abierto*. MEC, Madrid, pp. 236-237.

PRESENTE E FUTURO DA EDUCACIÓN DE ADULTOS

Profesor: Manuel Brenlla Negreira

Centro E.P.A. "María Inmaculada". Santiago de Compostela

EDUCACIÓN PERMANENTE E EDUCACIÓN DE ADULTOS

Produciuse, nos últimos anos, unha forte demanda de educación de adultos que obrigou tanto á Administración Central como á Autonómica a crear centros, habilitar aulas e tamén a dotalas de profesorado. Sen embargo, fronte a esta demanda atopamos unha chea de problemas, ¿por qué?, pois porque a educación de adultos tanto de moda, significa practicamente a creación dun nivel educativo novo e isto leva canda si unha dotación económica e uns investimentos nun momento no que, seguramente, as prioridades sexan outras, como, por exemplo, a prolongación da escolaridade obrigatoria ou, mesmo, a necesidade imperiosa de dar resposta a unha maior retribución do profesorado. Isto lévanos a pensar que a educación de adultos non vai ter valoración abondo e que, polo tanto, tampouco non vai se-lo novo nivel educativo que os docentes desexábamos e que tamén a sociedade está a demandar. Unha vez máis nace algo que xa está morto desde o seu nacemento.

A educación permanente tan de moda nos últimos anos -abonda con ve-la cantidade de bibliografía que sobre o tema ten aparecido no mercado con este epígrafe durante a última década-, xurde como unha corrente que quere poñer fin ós límites de idade, procurando abarcar dous aspectos importantes: Por unha banda abrangue-lo labor da escola institucional e, por outra, toda a bagaxe educativa que alberga todo o extrínseco ó marco puramente escolar.

Todo isto ven motivado por:

- 1.- A proliferación dos coñecementos.
- 2.- A especialización profesional crecente.
- 3.- O incremento demográfico.
- 4.- A ausencia de ideais.
- 5.- A aparición do home solitario.
- 6.- O desenvolvemento dos medios de comunicación.
- 7.- O nacemento do "ocio".

Con todo, o termo educación permanente ten hoxe unha aceptación internacional a partir dos traballos do Consello de Europa e, máis concretamente, a partir da celebración das primeiras Conferencias Internacionais de Educación de Adultos, organizadas pola UNESCO e celebradas en Elsinor (1959), Montreal (1960), Tokio (1972) e, sobre todo, Nairobi (1976).

En todas estas conferencias faise unha mención explícita a cales deben ser os obxectivos e, polo tanto, as normas a seguir na educación de adultos.

Se escusamos a Conferencia de Elsinor, que se pode considerar partidista xa que di que a educación de adultos xa non debera ter un carácter meramente profesional, senón que debera supor tamén unha previa alfabetización, nas demais conferencias vanse ter moito en conta e claramente, uns obxectivos de tipo permanente e de desenvolvemento integral dos adultos.

Así, os obxectivos propostos na conferencia de Montreal foron:

A) Estimula-lo proceso de autorrealización do home mediante unha axeitada preparación intelectual, profesional e social.

B) Preparar ó home para que produza, consuma e administre axeitadamente os recursos materiais.

C) Fomentar no home unha conciencia de integración social que o faga capaz de cooperar e convivir pacificamente cos seus semellantes.

D) Desenvolve-la conciencia de cidadanía para que participe responsablemente nos procesos sociais e políticos da comunidade á que pertence.

Na conferencia de Tokio, os obxectivos propostos foron:

A) Preparar ó home para a súa vida laboral activa.

B) Desenvolver tódolos aspectos da vida do home adulto: traballo, vida familiar e tempo de vagar.

C) Configurar unha xenuína cultura nacional.

D) Ser un medio para chegar a construír unha sociedade solidaria.

Na conferencia de Nairobi considérase que a educación de adultos debería contribuír ó desenvolvemento de :

A) A paz, a comprensión e maila cooperación internacional.

B) A comprensión e mailo respecto da diversidade de costumes e culturas nos planos nacional e internacional.

C) A capacidade de apreciación e práctica das diversas formas de comunicación e solidariedade nos niveis familiar, local, rexional, nacional e internacional.

- D) A seguridade de inserción consciente e eficaz no mundo do traballo.
- E) A capacidade para aproveitar de forma creadora o tempo de lecer
- F) A capacidade de discernimento precisa para a utilización dos medios de comunicación.

De tódolos obxectivos propostos nas distintas conferencias e para unha boa educación de adultos hoxe, poderíamos saca-los seguintes:

- A) Permitir unha certa autonomía ó adulto para que asuma a responsabilidade da súa propia existencia.
- B) Adquirir un desenvolvemento cultural e persoal ó longo de toda a vida.
- C) Integrar ó home en tódolos sectores da vida nos que está mergullado.
- D) Tratar de que o adulto se axeite ás mudanzas da sociedade actual, tanto na organización da súa vida individual como social.

A educación permanente ha de ser un proxecto global e non parcial no que o home sexa o principal axente da súa propia educación e integración continua e constante co medio que o rodea, abordando tódolas ramas do saber e tódolos coñecementos prácticos que poida adquirir para que constitúan o desenvolvemento da súa personalidade.

Non podemos, polo tanto, considera-la educación de adultos intrinsecamente senón que temos que considerala como un subconxunto integrado nun proxecto global de educación permanente.

A EDUCACIÓN DE ADULTOS COMO EDUCACIÓN COMPENSATORIA

A educación de adultos debe significar, como xa dixen anteriormente, a creación dun nivel educativo novo e como tal nivel educativo debe ser tratada e organizada, pero este nivel educativo novo soamente existe na imaxinación. É unha pura utopía. Por moito que se ande a falar desta nova educación de adultos, non existe como tal porque o único que se fixo foi extrapolar un tipo de educación xa existente e aplicalo ó adulto e isto foi, nin máis nin menos, o que sucedeu coa educación de adultos. Para isto plaxiouse e axeitouse, tanto na súa forma coma no seu fondo, a EXB. De aí que a educación de adultos se configura máis ben como a continuación ou alongamento da EXB, ou tamén a poderíamos considerarlamos como unha educación compensatoria. Esta educación compensatoria soamente pretende rehabilitar ó adulto, dándolle os medios culturais e académicos precisos para que poida acceder, se así o desexa, a niveis superiores do mesmo sistema.

Esta educación de adultos que, por suposto, non é nestes termos, tal como foi concibida e moito menos como pensamos que de ser de cara ó futuro, consiste exclusivamente nunha educación compensatoria regrada e desconectada da realidade actual, social e económica do adulto e vinculada, pola contra, única e exclusivamente ó currículo do E.X.B. Trátase, xa que logo, de compensar dalgún xeito ó alumno e soamente a nivel académico e, polo tanto, seguindo ó pé da

letra tanto os esquemas coma os contidos da ensinanza regrada, coma se fose un centro normal do E.X.B. Esta educación de adultos que por parte dos docentes se reclama que sexa permanente e real, ten que modificar, senón totalmente si, polo menos, parcialmente, o seu currículo e ofrecer ó adulto un abano de máis posibilidades ca un simple título. Debe ofrecer ó adulto unha formación para o traballo e a convivencia dentro da sociedade na que lle tocou vivir.

Hoxe en día esta acción compensatoria artículase en cinco cursos, que agrupan gradualmente os coñecementos básicos correspondentes ó ensino xeral básico. Estes niveis son:

- 1.- Alfabetización.
- 2.- Neolectores.
- 3.- Certificado de escolaridade.
- 4.- Pre-graduado .
- 5.- Graduado Escolar.

Esta educación compensatoria regrada e vinculada ós estudos escolares polo simple feito de estar aínda vixente tanto tempo e abordar tanta atención e esforzo, está a ter un efecto negativo:

1.- Unha desconexión da realidade experiencial e dos intereses formativos do adulto.

2.- Un lento abandono das funcións da educación de adultos.

3.- Unha xustaposición, e mesmo unha confusión, da educación de adultos coa educación compensatoria.

Para isto non temos máis que botar unha ollada e facer unha análise dos alumnos que, normalmente, acoden ós centros de E.P.A. Estes alumnos andan entre os 15 e os 56 anos, aproximadamente. Como se pode ver, existen, non soamente grandes diferencias de idade senón tamén de intereses. O máis complicado de todo isto é facer unha boa interacción entre tódolos alumnos que na maioría dos casos se logra plenamente e dunha maneira sorprendentemente grata. Con todo, a tendencia máis xeral é que, sobre todo, nas quendas de mañá e tarde encontrámonos preferentemente con adolescentes e adultos menores de 20 anos, mentres que pola noite temos xa adultos maiores na meirande parte dos casos. O que si se pode apreciar é que o grupo máis numeroso corresponde ós adolescente "fracasados escolares" na súa meirande maioría e que se encontran na rúa despois de:

1.- Abandona-lo EXB a partir de quinto, sexto ou sétimo.

2.- Remata-lo EXB coa titulación de certificado de estudos primarios, pero non co graduado escolar.

3.- Ter iniciada a formación profesional e deixala despois dos primeiros meses ou ó remate do primeiro ano.

Agás uns poucos, moi poucos por certo, a maioría destes alumnos levan canda eles un elevado fracaso escolar e, por suposto, un baixo rendemento académico. As causas de todo este fracaso son moi diversas, así e todos poderíamos agrupalas nas seguintes:

1.- O ambiente familiar. Máis do 60% dos alumnos tiveron ou teñen problemas familiares, entre os que podemos salientar: fillos de emigrantes, pais alcohólicos, pais separados, pais no paro, baixo nivel económico, tratamento médico e mesmo psiquiátrico. Este é, sen dúbida, o elemento crucial xa que os alumnos normalmente reflicten o ambiente no que se desenvolven e viven e, por desgracia, na maioría dos casos, o clima familiar non é máis idóneo para poder estudar e menos aínda para poder obter uns redementos óptimos.

2.- Medio socio-económico. Case tódolos alumnos proceden, agás uns poucos, dos barrios da cidade, nos que se dá un índice baixo, tanto social como económico.

Obsérvase dentro desta diversificación e heteroxeneidade do alumnado, un incremento, ano tras anos, de xente maior.

¿Cal poden se-los motivos que levan ós adultos a se integrar na educación de adultos?

Os motivos polos que acoden ós centros de E.P.A. poden ser de moi distinta índole, e mesmo, a maioría das veces por imposición. Entre eles podemos salientar:

1.- Procurar por convencemento propio(os menos), por mandato dos seus pais (a maioría), a titulación precisa para entrar no mercado do traballo.

2.- Prepararse para acudir ó primeiro emprego. Pois acceder ou non a el supón a posibilidade de ter ou non os medios económicos que precisa para face-la súa vida con certa independencia e poder tamén prepara-lo que desexan con respecto ó seu futuro. A falta dun emprego non lles supón soamente a carencia de bens materiais, senón o ser aceptado ou marxinado con tódolas consecuencias, pola sociedade na que viven.

3.- Te-la posibilidade de acudir a un posto de traballo máis cualificado ou de maior remuneración.

4.- Poder axudar e animar ós fillos nos estudos.

5.- Adquirir máis confianza e seguridade neles mesmos.

6.- Como estímulo persoal.

7.- Demostrarse a eles mesmo que son quen de aprender.

8.- Atopar un grupo que ten igual motivación e que se dispón á mesma aventura.

9.- Obte-lo graduado escolar.

¿Cal debe se-lo campo de actuación da educación de adultos?

Poderíamos dicir que, fundamentalmente, deben ser catro as áreas esenciais arredor das que debe xira-la educación integral dos adultos.

1.- Unha formación orientada ó traballo, actualización, reconversión e renovación dos coñecementos de tipo profesional.

2.- Unha formación para o exercicio dos dereitos e responsabilidades cívicas, así como tamén para a participación social.

3.- Unha formación para o desenvolvemento persoal.

4.- Unha formación xeral ou de base que constitúe un requisito indispensable de tipo compensador cando non se consegue na idade apropiada.

A educación de adultos debe servir para a maduración e autodeterminación persoal, para se inserir productivamente no mundo laboral e para encontrarlle sentido á vida.

Se de verdade queremos unha formación integral da persoa adulta, esta débese ter en tres sentidos.

1.- Integración das distintas áreas de coñecemento.

2.- Integración das actividades educativas na experiencia persoal global dos adultos.

3.- Estreita relación da formación co medio social dos adultos.

Está claro que, para levar adiante a formación integral que todos queremos para os adultos, hai que partir, básica e fundamentalmente, do coñecemento tanto dos factores intelectuais como dos factores afectivos e tamén físicos dos adultos, e, sobre todo, facer unha profunda reflexión sobre cal vai se-lo tratamento práctico que se lle ha dar. O primeiro que o docente debería facer sería reflexionar sobre estas fontes de información antes de se poñer a elaborar programas cos seus contidos e obxectivos, que moitas veces quedan fóra do contexto e da realidade, ou que non se axeitan perfectamente ó grupo dos alumnos ó que vai dirixido e ós que quere chegar. Hai que presupoñer que, efectivamente, poden existir, e de feito existen, unhas desvantaxes intelectuais e que caracterizan dalgún xeito as diferencias dos adultos. Estas diferencias obsérvanse rapidamente na práctica, ¿por que?, porque:

1.- Utiliza un pensamento pragmático con baixas doses de razoamento abstracto, lóxico-deductivo e inductivo.

2.- Ten dificultades para concebir mediante análise a fragmentación dun conxunto abstracto e, polo tanto, para elabora-la síntese.

3.- Aínda que percibe correctamente a globalidade, vaina construír, ás veces, deficientemente, se se lle dan as partes por separado.

4.- Toma a anécdota como doutrina. É dicir, é quen de facer unha exemplificación pero non de explicala ou definila.

5.- Non domina perfectamente nin a linguaxe oral nin a linguaxe escrita.

6.- Ten, normalmente, pouca axilidade mental.

7.- Presenta, ás veces, déficits ou desvantaxes psicomotrices.

Débese, polo tanto, intentar dar resposta sempre ás necesidades dos adultos e, para iso, débense crear motivacións e posibilidades que respondan ós intereses dos adultos, aínda que tamén dean resposta a necesidades máis xerais.

É moi importante partir sempre do que o adulto sabe e das cousas que máis lle interesan. Isto, na teoría, é asumido por todos, mais despois, na práctica, un esquecese con demasiada facilidade de todo.

Tamén é preciso que a didáctica específica de cada actividade se desenvolva con novo estilo e afastada, a poder ser dos modelos completamente escolares e infantís.

Resulta transcendental para unha nova educación de adultos a participación dos propios adultos na programación e organización das actividades para que se axusten moito máis, tanto ó medio como ás súas necesidades.

¿Cantos dos nosos adultos participan na programación das súas propias actividades?

Tamén é sumamente importante a avaliación da aprendizaxe. O tema da avaliación que, ata o momento, está moi pouco traballado, é fundamental para que se poida dar unha formación integral da persoa adulta que é o fin último.

Estas e outras moitas cousas máis poderíanse dicir tocantes á educación de adultos, así e todo quero lanzar ó vento unha serie de interrogantes para que, se pode ser e paga a pena, se faga por lles dar, pouco a pouco, unha solución, porque están aí e creo que a todos nos afectan e competen.

¿Cando e cómo se vai regula-la educación de adultos nunha lei que revalorice e que dispoña os medios necesarios para levala a cabo?

¿Cómo se vai reorganizar e acomoda-la educación de adultos ás mudanzas que se están a dar no sistema educativo español no que toca, primordialmente, á ampliación do ensino obrigatorio, á reforma da formación profesional e á progresiva extensión da formación ocupacional?

¿Cómo se prevé "compensar" o baleiro entre as titulacións máximas ata o de agora, coa programación dos estudos que planifica a reforma?

¿Qué contidos deberán ser considerados indispensables para a formación básica do adulto?

¿Cal será o currículo básico para a formación e promoción dos adultos?

¿Quen van se-los futuros educadores de adultos?

¿Qué preparación deben ter?

¿Qué institución ha se-la encargada de levar a cabo esta formación?

Poderíase seguir porque, creo, quedan máis interrogantes, pero, tamén creo que con estas intentei abranguer todo o amplo abano do que debe ser e ó que debemos aspirar que sexa a nova educación de adultos que todos queremos e que tamén os adultos están a demandar.

Polo tanto, a educación de adultos débese concebir como unha aportación necesaria no proceso de formación social. Non se trata tanto de aprender a ler e escribir, como de aprender a ler no contexto. É dicir, as relacións de dominio dentro de cada formación social para poder escribir unha nova realidade: participar activamente na transformación da sociedade cara a un modelo máis xusto. Todo isto supón un determinado modelo de escola de adultos: dinámica, participativa, coherente coas necesidades persoais e sociais, crítica, interdisciplinar, aberta e flexible, e tamén un modelo de educador de adultos: dinámico, aberto, dialogante, crítico, interactivo e sensible ós problemas do contorno.

EDUCACIÓN DE ADULTOS EN GALICIA
UNHA EXPERIENCIA EN ALFABETIZACIÓN
NO CONCELLO DE VIGO

María Jesús Guisasola Escudero

Segundo datos recollidos das últimas estadísticas no ano 1991, ó pé dunha terceira parte da poboación de Galicia carece de instrucción educativa.

A situación do analfetismo case non mellorou nada nos últimos anos; no 1986 a taxa era do 27,41% de persoas sen estudos, mentres que agora segue aínda no 21,94%.

Se temos en conta que xa a Constitución de Cádiz proclamaba a educación como unha responsabilidade do Estado e que todo pobo debería contar cunha escola primeira e que a educación básica é unha función importante dos Concellos, debemos considerar hoxe en día que a EPA, nunha primeira fase, debe ser tramitada por estas institucións.

En Galicia, e debido ó espallamento da poboación e mesmo á idiosincrasia do pobo galego, debemos dividir á EPA en dúas fases.

-Unha na que se contemple a educación do Adulto analfabeto total e do analfabeto funcional, dirixida polos Concellos pero en feudos económicos traspasados pola Consellería de Educación da Xunta;

-Outra segunda fase na que, por medio de centros específicos creados pola Xunta de Galicia, se prepare ó adulto para mellora-los seus coñecementos con fin de prosperar no mundo laboral.

Voume centrar, debido ó meu traballo, na primeira fase. Os Concellos deberán, como, en parte, fai o de Vigo, promover campañas de Alfabetización en cooperación coas Asociacións de Veciños para a erradicación do analfabetismo, pero estas campañas deberán estar coordinadas a través das Universidades Populares, xa que este é o verdadeiro e fundamental motivo para o que foron creadas.

Debido á evolución ininterrompida do medio social, mudanzas nos modos de vida, costumes, formas de organización, medios de comunicación e innovacións tecnolóxicas que, tanto en Galicia coma en todo o mundo, estamos a observar non podemos considerar á Educación de Adultos como unha simple Campaña de Alfabetización.

Ata o de agora o sistema EPA en Galicia estaba centralizado en organismos oficiais coma o CEGEBAD, INGABAD, centros EPA, pero estes centros dedícanse prioritariamente á preparación de xente nova e adultos para a obtención do Graduado Escolar e, na miña opinión, este sistemas de clases mixtas de rapaces novos (na súa maioría "rebotados" de centros escolares) con persoas adultas, as clases diarias e mailo amoreamento de traballos escolares, é onde o sistema falla.

Debido á falta de coordinación, a Xunta de Galicia crea unha Lei de Educación e Promoción de Adultos coincidindo co Ano Internacional da Alfabetización.

Esta Lei, en termos xerais, pretende conseguir unha formación básica, unha formación para a inserción no mundo laboral e unha actualización de todo aquel adulto que, por diferentes motivos, non chegou a ter acceso a uns niveis educativos e profesionais que lle permitisen a integración e satisfactoria promoción no mundo social e laboral.

Por isto precísase sensibilizar á opinión pública da necesidade da Alfabetización e educación permanente dos adultos, ademais da creación dun programa para a consecución de obxectivos, a creación dun Consello de Educación e Promoción de Adultos e unha clasificación destes centros de Adultos en públicos e privados.

A Lei, de a levar a bo termo, resultaría efectiva se houbera unha mellor coordinación entra a Xunta e o Concello porque, debido á miña experiencia no eido da Alfabetización, creo que a relación existente entre o Concello e as Asociacións de Veciños debiera ser de máis estreita colaboración.

Respecto da situación do Analfabetismo nacional, Galicia ocupa o oitavo lugar con 82.000 persoas analfabetas totais e 675.000 analfabetos funcionais, dos que, de cada cinco analfabetos, catro son mulleres.

Distintos organismos nacionais e internacionais ocupáronse do problema educacional que isto representa e unen as súas forzas para paliar este grave problema; a UNESCO, a nivel mundial, é o organismo que máis se ocupa deste problema.

Durante o Ano Internacional da Alfabetización, 1990, presentei ó Concello desta cidade un programa de Alfabetización, do que o principal obxectivo era achega-la educación cultural á xente adulta dos barrios de arredor da cidade despois de ter comprobado que, aínda que existía un centro oficial de adultos no centro da cidade, a xente non acude a el debido a dúas poderosas razóns:

a) Falta de medios económicos para o transporte diario ó centro coa conseguinte perda de tempo.

b) Descoñecemento da existencia deste centro e vergoña diante dun contorno descoñecido.

Procurouse, para esta experiencia, a colaboración das Asociacións de Veciños solicitando a cesión dos seus locais e instalacións e a resposta foi amplamente positiva, xa que deste xeito, dábaselle máis vida á Asociación e un aspecto máis cultural. En resumo, tiñan algo máis novo que ofrecer ós seus asociados e veciños xa que, afortunadamente, vaise comprobando que a vida dos barrios se concentra máis a cada paso nas Asociacións de Veciños.

Esta iniciativa tivo unha boa acollida por parte dos medios de comunicación social: radio, prensa, TV autonómica, etc. aínda que a xente, en principio, amosábase remisa para acudir a estas aulas, o alumnado foi medrando progresivamente ó se espalla-la voz dentro dos barrios.

Tiña ó seu favor dous factores importantes: a proximidade ós seus domicilios e o contorno lles resultaba familiar, as propias Asociacións de Veciños facían propaganda dentro e fóra dos seus locais e pouco a pouco foi a xente sabendo disto e acudindo xa que, neste caso concreto, a mellor propaganda é a que fan os propios alumnos que traen ás súas amigas, veciñas, familiares, etc.

OBXECTIVOS

O Contido dos curso céntrase fundamentalmente na adaptación dos coñecementos básicos ós casos máis frecuentes da vida cotiá, baseandome no principio de que **O Adulto aprende para enfronta-lo presente**, o concepto de Alfabetización non se basea soamente en aprender a ler e escribir senón que, basicamente, trátase de sacarlle o máximo redemento ás aptitudes persoais de cada alumno e tomar aquelas medidas tendentes a fomenta-la ampliación de coñecementos, promover hábitos de lectura e axudar ás persoas que amplíen os seus horizontes e maila súa capacidade de comunicación co contorno, é dicir: eliminar aqueles atrancos que dificulten a aprendizaxe, o diálogo e a relación co resto da sociedade.

Esta campaña iníciase en cinco puntos diferentes da cidade:

-Zona baixa da cidade (Berbés), porto pesqueiro onde a meirande parte dos veciños se dedican a faenas relacionadas coa pesca. Hai, na actualidade, trece alumnos, dos que seis son analfabetos totais. Esta é a zona na que maior é o analfabetismo total posto que a xente comezou a traballar desde moi nova e non acadou formación ningunha.

-Zona alta da cidade, situada en plena montaña, na que os veciños se dedican ós traballos agrícolas en pequenas explotacións familiares. Para acudir á Asociación de Veciños onde está a Aula de Adultos teñen que camiñar preto dunha hora por causa do espallamento da poboación. O alumnado desta zona, mulleres na súa totalidade que comparten estas tarefas

educativas cos labores do campo e mailo coidado da casa e da familia, acoden con absoluta regularidade e moito interese. Hai doce alumnas, das que tres son analfabetas totais e as outras sono funcionais.

-Polígono de vivendas, preto do centro da cidade, ó que podíamos considerar "cidade dormitorio", no que maioría dos veciños son xente que veu das aldeas para traballar nas fábricas e factorías viguesas. Acoden quince alumnos, dos que dous son homes, e hai catro analfabetos totais; os demais son funcionais nun nivel moi baixo.

-Zona centro. Da xente que habita nesta parte da cidade ocúpase unha aula da Universidade Popular. O alumnado é totalmente feminino e hai dezaseis alumnas, das que catro son analfabetas totais e as outras sono funcionais.

Por último, o quinto grupo está composto por xente da "terceira idade" que recibe estas clases nun local cedido pola Cruz Vermella, pois esta organización é a que se ocupa do seu traslado deica a Aula. Son persoas comprendidas entre os 60 e os 81 anos, acoden un total de dezaioito, das que sete son analfabetas totais. Nesta aula hai tres homes.

Os horarios das clases fóronse axeitando ás necesidades do alumnado tendo en conta a dispoñibilidade do seu tempo libre.

Resumindo estes Obxectivos:

-Adquirir e domina-las técnicas instrumentais de lecto-escritura e cálculo.

Os obxectivos instrumentais que se perseguen son:

* Saber formular oralmente preguntas relacionadas con necesidades cotiás.

* Participar en coloquios.

* Expresar oralmente opinións persoais con un mínimo de claridade para que sexan entendidas.

-Educación e formación daquelas persoas que, no seu día, recibiran unha educación escasa que non lle permitira o seu desenvolvemento máis elemental a nivel social e familiar.

MOTIVACIÓN

Os intereses que moven a estas persoas a asistir a estas clases son moi variados pero teñen un factor común: Aprender a ler e a escribir ben e adquirir uns coñecementos que lles permitan alcanzar ese nivel necesario para poder intervir nas conversas dos seus homes, fillos ou amigos cun mínimo de seguridade neles mesmos.

O perfil do alumno-tipo que adoita asistir a estas clases é: Mulleres, na súa maioría entre 40 e 80 anos, de clase social media-baixa. O analfabetismo total dáse máis entre os 50 e 70 anos, con algunhas excepcións.

Esta diferenza tan ampla entre o alfabetismo feminino e masculino prodúcese sobre todo no rural, de onde procede a case totalidade do alumnado e a explicación reside na carencia educativa que as mulleres

sufriron, xa que a mentalidade de hai vinte anos era enteiramente "machista", as mulleres non precisaban da cultura porque estaban destinadas ó matrimonio e abondaba con que soubesen realiza-los labores da casa e traballar no campo, sobre todo en Galicia, onde se deu o matriarcado máis ca noutros lugares. A muller utilizaba ás fillas para reparar dos irmáns pequenos e para que axudaran nos labores do campo mentres o pai andaba emigrado ou traballando fóra da casa.

Os homes que asisten a estas clases son aqueles que, por teren comezado a traballar desde moi novos, non tiveron tempo de asistir á escola e aprenderon a ler e escribir en escolas nocturnas, é dicir: encádranse dentro do analfabetismo funcional.

METODOLOXÍA

Aínda que realicei o curso de "Formador de Adultos" pola UNED e teño consultados varios métodos (P. Freire, R. Flecha, etc...) considérome autodidacta á hora de impartir-las miñas clases porque considero que nas Aulas de Adultos hai que recorrer de seguido á improvisación e variación nos temas coa finalidade de atraer e motivar ó alumnado, con todo sigo unha serie de máximas e consideración que fun recollendo e aplicando ó longo dos meus anos de experiencia como educadora de adultos.

CONSIDERACIÓNS

A) As relacións entre o adulto en formación e o educador de adultos deberanse basear no respecto mútuo e na cooperación.

Trátase de respectar e apreciar a todos e a cada un dos educandos.

B) Os métodos de educación non deben nunca recorrer á "competición" senón fomenta-lo sentido da solidariedade, hábitos de participación, axuda mútua, colaboración e traballos en equipo.

C) A educación é inseparable da democracia, abolición de privilexios, da promoción no conxunto da sociedade, das ideas de autonomía, da responsabilidade e mais do diálogo.

D) Apreciar, aceptar e confiar. Considero como se estivese aceptando ó alumno, apreciando os seus sentimentos, as súas opinións, a súa persoa. Trátase de se preocupar polo alumno, pero dun xeito non posesivo. Trátase de aceptar ó individuo como persoa independente, digna dela mesma por dereito propio. Trátase dunha confianza básica, da crenza de que, por algunha razón, esa persoa é esencialmente digna de confianza.

Recoñezo que hai que aceptar a cada un dos alumnos como unha persoa de valor e respecta-los seus sentimentos e ideas, alentar ó alumno/a a diagnosticar necesidades, fixar obxectivos, participar en acordos contractuais e avaliar resultados.

A través da aprendizaxe en grupos pódense levar a cabo moitos do preceptos da educación de adultos, pode asegurar que os grupos fomentan a autocomprensión mediante o apoio compartido e a información mutua, estimulan, así mesmo, a interacción, a autodeterminación e a confianza, factores indispensables para levar a cabo unha cumprida educación.

A miña función como educadora é a de fomentar todos estes estímulos que xorden espontaneamente na aula, enfocalos axeitadamente para ben de todos.

Posto que a expresión "Educación Permanente" designa un proxecto global encamiñado tanto a estrutura-lo sistema educativo existente como a desenvolver tódalas posibilidades de formación fóra do sistema educativo, segundo este principio clasifiquei os temas en:

Temas Académicos e Temas non Académicos.

TEMAS ACADÉMICOS

Fago unha clasificación dos temas por centros de interese e vou alternando e enlazando os temas de Sociais, Naturais, Xeografía, Linguaxe, Galego e sempre Matemáticas. Desbotei, desde o primeiro, o uso de libros de texto. Asustábanse de estudar por un libro que traía tantos temas, resultaba incómodo andar con tantos libros. Daquela optei pola solución de fotocopia-los temas de interese xeral, lelos en voz alta na clase para practicar lectura comprensiva e, despois, entregarlles un resumo do tema para o seu estudio. Despois de lido o tema na clase, doulles unha explicación sobre el o que xera unha serie de preguntas e un diálogo sobre o tema no que participa toda a clase. Faíse, despois un dictado co fin de practica-la caligrafía e a ortografía. Esta actividade gústalles moito pois, ó corrixi-las faltas, establécese entre eles unha sa competición e un grande afán de superación.

Os centros de interese van sendo enlazados uns con outros de maneira que son lembrados case de forma continua na clase.

Trátase, fundamentalmente, de centra-lo contido dos cursos na adaptación dos contidos básicos ós casos máis frecuentes da vida cotiá.

TEMAS NON ACADÉMICOS

Neste tipo de ensinanzas están englobados aqueles temas da vida cotiá e as actividades extraescolares, e todas elas enlazadas coas ensinanzas académicas antes mencionadas e que va xurdindo cada día.

Trouxéronse a clase os recibos do teléfono, auga, casa, electricidade, recollida de lixo, colexios, garaxes, etc., etc., e fóronse esmiuzando ata logra-la súa cumprida e correcta comprensión.

Posto que estudiamos na clase o tema das Comunicacións, trouxen de Correos impresos de telegramas, certificados, xiros postais, etc., e aprenderon

a encher este tipo de impresos que antes lles supuña moitas dificultades ó non comprende-lo significado das distintas cuadrículas: escribiron telegramas de pésame, felicitacións, avisos, noticias, etc. Escribíronse cartas aprendendo a colocación e distintas formas de encabezamentos, segundo a quen se dirixan e tamén a poñer correctamente o enderezo no sobre.

- Saber buscar un número na guía de teléfonos ou unha palabra no diccionario, poñendo así en práctica o coñecemento do alfabeto.

- Coñece-lo significado das especialidades médicas: que especialidade ten o reumatólogo, xinecólogo, odontólogo, etc.

- Falar sobre a conservación e hixiene dos alimentos.

- Xerar diálogos entre eles sobre temas como: igualdade de sexos, relacións entre pais e fillos, aceptar e axudar ós fillos adolescentes nos seus problemas e na elección do seu futuro profesional, carreiras segundo as súas aptitudes, etc.

- Dar a coñecer a que entidades públicas deben dirixirse para solucionar os seus problemas cívicos, dar a coñecer as axudas e becas que hai para que poidan estudar os fillos, etc.

Entre as actividades extraescolares están as visitas culturais que se realizan ó longo do curso. Visitouse o museo da cidade, que a maioría descoñecía, monumentos, factorías, fábricas e tamén saídas a outras cidades nas que viron a Casa das Ciencias e distintos monumentos o que resultou para eles unha aventura ó faltar todo un día da súa casa e unha experiencia que todos consideran maravillosa por ter todo un día de convivencia con tódalas súas compañeiras, algo que viran facer ós seus fillos pero que eles nunca tiveran oportunidade de facer.

Lectura dun periódico na clase, comentando as noticias máis importantes e todas aquelas que se poidan relacionar cos temas dados en clase: Xeografía, Linguaxe, etc.

En relación con este tipo de ensinanza teño moito en conta que as actividades de educación de adultos que se sitúan na perspectiva da educación permanente non teñen fronteiras teóricas e responden a situacións particulares creadas polas necesidades específicas do desenvolvemento, polo tanto o alumnado, por unha banda, e as circunstancias da vida cotiá, por outra, vanme marcando as pautas a seguir e vánseme ocorrendo continuamente cousas que lles podo ensinar.

O pleno desenvolvemento da personalidade humana fronte á rapidez dos cambios científicos, técnicos, económicos e sociais, esixe que a educación sexa considerada globalmente e como un proceso permanente.

A motivación de todo este programa educativo débese á evolución ininterrompida do noso medio social, que provoca constantes cambios nos modos de vida, os costumes e as formas de organización social e as transformacións dos modos e medios de información e comunicación volven estériles moitos modos de coñecer, interpretar e actuar adquiridos dun xeito tradicional e calquera forma ríxida e estereotipada de actuar.

É preciso confiar nas posibilidades e na vontade de todo ser humano de progresar durante toda a súa vida, tanto no plano do seu desenvolvemento persoal como na relación coa súa actividade na vida social.

Trátase de axudar á xente para que se adapte ós mudantes roles da vida adulta. "As tendencias do ciclo vital dos adultos relativas á forma de actuar nos roles familiares, profesionais e sociais, suxiren varias formas nas que a participación educativa continuada podería facilita-la adaptación e o crecemento relativos á área de cada rol".

Faise preciso desenvolver, por riba dos coñecementos, os procesos do pensamento, a reflexión, a análise e o contraste que permitan a adaptación permanente dos homes e mulleres ás presións cotiás do medio natural e social e as mudanzas que neles se producen.

Estas necesidades fanse imprescindibles para moitos adultos que non tiveron no seu día a posibilidade de acceder a unha educación formal abonda que lles permita hoxe utiliza-la cultura para conseguir unha integración e unha promoción satisfactoria no mundo social e do traballo.

Rechazo así a hipótese dun programa de Alfabetización puramente mecánico e considero o problema de ensinar a ler ós adultos con relación ó despertar da súa conciencia.

Quería deseñar un proxecto no que, ó tempo que ensinaba a ler, procuraba pasar da inxenuidade a unha actitude crítica.

Quero facer un programa de Alfabetización que sexa unha introducción á democratización da cultura, un programa no que os homes e mulleres, en vez de seren meros receptáculos pasivos, pasen a se-los seus propios suxeitos.

Creo que soamente así ten sentido a Alfabetización, posto que as consecuencias de que os homes e mulleres comencen a reflexionar acerca da súa propia capacidade de reflexión, acerca do lugar que ocupan no mundo, do seu encontro coa conciencia, da propia alfabetización, gracias ó que este deixa de ser algo externo e pasa a se converter nunha parte deles, constitúe unha creación que emerxe do seu interior.

Para min un programa de Alfabetización soamente será válido na medida en que os homes e mulleres entendan o verdadeiro significado das palabras como unha forza capaz de transforma-lo mundo.

O PROGRAMA DA EDUCACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS NO NOSO CENTRO

M^a Elvira Abalo

Manuel Fernández Vazquez

Colexio "San Jorge". Santiago de Compostela

IDEAS XERAIS

O noso centro ten unha aula de preparación para a educación permanente de adultos, para aquelas persoas que no seu día non obtiveron o título de graduado escolar e que no decurso do ano o precisasen.

Poderán obtelo seguindo o noso curso en horario vespertino e por mestres licenciados do noso centro, todas aquelas persoas maiores de quince anos.

CARACTERÍSTICAS DO CURSO

O curso dá comenzo o día 1 de Outubro e remata a finais de Xuño, coincidindo sempre coa lectividade dos nosos rapaces.

O curso da E.P.A. estará sempre supeditado ó regulamento do centro baixo o control do mestre e rexido pola dirección.

A asistencia ó curso é absolutamente obrigatoria e toda ausencia deberá ser xustificada. Aqueles alumnos que por razóns profesionais ou laborais non puidesen asistir ó curso a diario, ou só o fixesen periódicamente, deberán xustificalo debidamente cumprimentando á hora de faceren a matrícula, barallándose entre deles, as posibilidades favorables para a súa asistencia, aínda que esta fose mínima, para non perderen a marcha do curso, comprometéndose a faceren as tarefas correspondentes na súa ausencia, e tendo en conta que a non presentación nos exames implica un suspenso xa que ó non haber unha puntuación non se pode dar unha calificación, arma imprescindible para a obtención do título.

Para aqueles alumnos que tivesen algunha avaliación pendente dalgunha asignatura, terán a opción de Xuño para poderen recuperala caso de que os resultados fosen aínda insuficientes, terán aínda a opción de Setembro para salva-la asignatura ou asignaturas que tivesen que recuperar, quedando así en condicións de poderen acada-lo título.

As asignaturas que se imparten no centro para a obtención do graduado escolar son as seguintes: Lingua Española, Matemáticas, Lingua Galega, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Idioma Moderno (Inglés).

HORARIOS E VACACIÓNS

O Horario das clases comenzará logo do remate das dos nosos rapaces, é dicir, dende as dezoito horas ata as vinteunha horas de luns a venres; só, en caso extraordinario, se poderá habilitar algún sábado á mañá, para faceren os exames, aqueles alumnos que, por razóns de responsabilidades laborais ou familiares, debidamente xustificadas, non puidesen facelo nas horas lectivas do correspondente día.

A primeira avaliación abarcará todo o primeiro trimestre e rematará canda a dos rapaces, as datas dos exames serán uns días antes das vacacións de Nadal.

A segunda avaliación comezará á volta de Nadal e rematará na Semana Santa, sempre coincidindo coas vacacións do colexio. Os exames faranse nos cinco días precedentes ás vacacións.

A terceira e derradeira avaliación comezará á volta de Semana Santa e rematará co curso en Xuño, programándose os exames para a segunda semana do devandito mes, e deixando a última semana para tódalas recuperacións pertinentes, tendo as actas feitas e asinadas para o día trinta de Xuño.

A convocatoria extraordinaria de Setembro para aqueles alumnos que non acadasen a puntuación mínima, terán os exames os días un e dous de Setembro pola mañá.

Durante o curso os exames faranse nas horas lectivas salvo excepcións, as recuperacións dentro dun horario a convir.

O horario de clases de luns a venres quedará sen efecto naqueles días que refira o centro para tódolos rapaces, nos casos de vacacións, ou que por razóns de forza maior, así o dictamine a dirección.

CONTIDO

A programación do curso conterà uns límites que o alumno deberá franquear para poder acada-lo nivel esixido na titulación. Tódolos conceptos fundamentais iranse desglosando ó longo do curso por materias e acumulados dentro das avaliacións correspondentes.

O mestre dará, dun xeito global, unha explicación pertinente encol de cada un dos temas facendo que o alumno os comprenda, e na posta en práctica dos exercicios os leve a cabo con bo fin.

Cada unha das asignaturas levará inherentes uns conceptos claves sobre os que xirará o desenvolvemento da materia, e que o alumno terá que asimilar para logo estudar pola súa conta e dar conta del nos exames, unha vez que lles sexan aclaradas tódalas dúbidas acontecidas.

Tódolos exercicios serán marcados polo mestre e todo tipo de actividades de ampliación serán dirixidas e conducidas polo mestre que sempre estará a disposición dos alumnos.

O fin fundamental é dar todo de cada un dos temas ou materias ou asignaturas, facendo firme fincapé en todo aquilo que lles vai facer falla para a vida, que son os conceptos acumulativos periódicamente, para que vexan claro o que son, en qué consisten, para qué serven, cal é a súa finalidade e qué utilidade práctica ten no desenvolvemento da vida ou do traballo; é dicir, a correspondencia entre a teoría e a súa posta en práctica.

Non é procedente dar ó alumno clases e clases teóricas facendo unha grande amalgama de conceptos teóricos e obrigando ó alumno a estudialos para logo ser examinado; vese isto como algo contraproducente e como un retraso pedagóxico; para nós é moito máis importante que o alumno asimile un pouco menos, pero que ese pouco menos lles sexa positivo, firme e inesquecible xa que o aprendido a traveso do razonamento nunca soe esquecerse.

Logo dunha visión teórica da asignatura pásase á práctica, é dicir, o mestre vai comprobar se todo o explicado foi asimilado e entendido polo alumno, estudiando a cada un e vendo cales son os erros ou os avances.

Como traballos adicionais faranxe: traballos de ampliacións, de investigacións, todo iso baixo a tutela de mestre e coa dificultade inherente e adecuada ó nivel do curso. O mestre insistirá sempre na resolución das dúbidas que acontezan e non permitirá que ningún alumno avance cunha dúbida anterior, é máis importante que o que aprendan ou asimilen, sexa firme e seguro, a que pola contra, fiquen lagoas que logo van ser insalvables, xa que implica sempre un retroceso e non un progreso, que é do que se trata, e que pouco importa que o devandito progreso sexa mais o menos rápido, pero iso sí, que sexa seguro.

E como derradeira finalidade o que se pretende e quere é que o alumno poida ser integrado na súa sociedade laboral así como a súa promoción social dentro da sociedade actual.

PROGRAMACIÓN DAS ASIGNATURAS

LINGUA ESPAÑOLA

Co gallo de acadar unha formación mínima desta asignatura, porase en práctica unha programación adecuada ó nivel que deberá ser acadada por cada alumno: Coñecementos e conceptos, para qué serven e fundamentalmente cal é a súa utilidade na vida cotiá e laboral, en qué modo se experimenta etc., é dicir, que o mestre non se conformará tan só con orientar ó alumno, senon encauzalo dentro do tipo de estudos que andamos.

A organización da asignatura será tarefa propia do mestre, podendo alterala segundo necesidades ou propostas, sempre e cando se acaden resultados positivos e satisfactorios.

Dividirase en dous bloques fundamentais: teoría e práctica:

a) Teoría: O mestre dará en primeiro lugar unha explicación orientativa de cada un dos temas da programación, logo comezará a explica-lo tema de seu, dando sempre os exemplos pertinentes e prestando atención ás posibles dúbidas que puidesen acontecer.

b) Sintetización: Este apartado vai adicado á ciencia do estudio, é dicir, qué é o que cómpre estudar, entender, saber, aprender ou memorizar para que, logo dun razonamento endeiretado poidan saca-lo proveito correspondente, tendo en conta que este apartado vai especialmente adicado a aqueles alumnos que por mor da falla de adestramento nos estudos, ou pola idade ou por calquer outra causa complexa, non saiban por onde andan.

c) Práctica: Logo da teoría pásase á práctica. En primeiro lugar, será o propio mestre que veña remata-la devandita teoría completándoa coa parte práctica.

Posteriormente cada alumno fará a súa práctica persoal que constará de exercicios, ben sexan do propio libro, ben sexan postos polo mestre. Hai de todo tipo: exercicios de autocomprobación, corrección oral e colectivamente, outros que serán corrixidos por escrito ou polo mestre, co fin de subsanar tódolas dúbidas, erros e semellanzas acontecidas no tema.

d) Contido global da asignatura: Abarcará toda a morfoloxía e a súa análise, así como a sintaxe e a súa análise. Faise fincapé nos verbos, na ortografía e tódolas súas regras, así como na caligrafía para quen o precisase. Ó final acadarase o coñecemento da gramática castelá, as súas funcións e a súa correcta utilización.

Faise tamén unha visión panorámica da Literatura, dende os comezos ata os nosos días: movementos literarios, autores, obras, etc.

LINGUA GALEGA

Seguirase, máis ou menos, o esquema da asignatura devandita, en canto ás pautas a seguir no referido á orientación, organización e explicación.

O obxecto fundamental da asignatura será a de dar ó alumno unha visión xeral da cultura da nosa terra e facer que a aprendizaxe da nosa lingua sexa o máis correcta posible e acade un coñecemento o máis elevado posible, que garanta unha base sólida e firme que presumiblemente lle dea rango de pusuidor do coñecemento da nosa lingua. Este punto vai, sobre todo pensado para aqueles alumnos que polo seu plan de estudos ó que se viron sometidos non tiveron a lingua galega como asignatura obrigatoria, co que é moi posible que o seu galego estea cheo de erros, e sexa un galego vulgar ou popular; o que sí é certo, e como xa ten acontecido outros anos, é que a meirande parte dos nosos alumnos non están en posesión dun galego correcto. Na nosa opinión, é mellor

empezar dende abaixo e acadar unha liña, progresiva que atinxa as cotas máis altas de aprendizaxe e asegurar así que a cultura e a lingua galega sirva para que o alumno saiba e poida desenvolverse na nosa terra e facilitarlle, deste xeito, todo tipo de acceso a cada unha das institucións inherentes na nosa xeografía.

a) **Teoría:** O mestre dará unha explicación de cada unha das partes da morfoloxía, que se desdobrará en dúas bandas, a primeira implicará a propia teoría, é dicir ¿Qué é?, e a segunda a súa utilización e emprego teórico.

b) **Práctica:** Imonos decantar por esta modalidade, posta en práctica nalgunhas ocasións en cursos pasados e, a parte de ser ben acollida, acadáronse resultados moi positivos e satisfactorios.

As traducións escritas de castelán para galego van tomar un punto máis á hora de confrontar palabras e ver que o galego é unha lingua propia con características de seu que sufriu unha serie de contaminacións lingüísticas por mor de estar integrado dentro da mesma xeografía política de España. Todo isto que, semella ser unha teoría vaise desenvolver nun apartado práctico, relegando así a aridez da teoría e pasando á propia actuación.

As conversas encol dun texto non se cinguirán ó clásico comentario, senón que cada un opinará persoal e racionalmente, sendo a función do mestre a de correxir simultaneamente os erros que poidan acontecer, engadindo, unha explicación pertinente para fixar ese concepto ou coñecemento causa do erro.

As particularidades pertinentes da lingua galega van ser confrontadas ás do castelán, sinalando similitudes e diferencias co gallo de fixaren a fronteira lingüística, para que vexan qué é galego e qué é castelán.

Esas particularidades da lingua galega ás que se fai alusión son: a colocación dos pronomes persoais obxecto, o infinitivo conxugado, mudanza de xénero nos sustantivos, vocabulario e outras máis.

Outra das innovacións é que os alumnos falarán, expresaranse, escribirán todo en galego, é dicir, que se considerará como único móvil de comunicación.

Se confrontamos este punto coa asignatura de "Lengua Española" chegamos á conclusión de que os alumnos adquiren un bilingüismo, sabendo diferenciar ámbalas linguas e aprendendo a distingui-las súas fronteiras lingüísticas.

En canto ós exercicios haberaos de todo tipo: exercicios das leccións, redacións, composicións, dictados, comentarios, investigacións, traballos monográficos, exercicios de traducción escrita galego-castelán-galego; Exercicios de traducción oral: consecutiva, é dicir, traducir para galego un trozo que vén de dicir o mestre en castelán; e traducción simultánea, e dicir, que ó mesmo tempo que se fala en castelán ir traducindo para galego; estas dúas modalidades de traducción tamén poden ser feitas á inversa, é dicir, de galego para castelán.

A medida que vaian xurdindo iranse engadindo novas modalidades a proposta dos propios alumnos.

IDIOMA MODERNO

O noso centro ten a lingua inglesa como idioma moderno dentro do curso da E.P.A.

O inglés é o idioma estranxeiro mais desenvolvido, e do que deberán dar conta os nosos alumnos. Pero será dun xeito relaxado, sen agobios, para que poidan sacar un bo proveito para o seu labor cultural e o seu medio laboral.

A asignatura irá encamiñada á parte práctica. A organización de cada un dos temas a seguir no se vai cingir só ó texto, o mestre irá cumprimentando e engadindo todo aquilo que ten importancia e complete a formación do alumno. O libro de texto vai ser un modelo e quedará só como un texto escolar xa que o importante, cremos, é que se desenvolvan nunha lingua estranxeira, que aínda que non lles sexa moi familiar, hoxe é competente abondo nos medios de comunicación socioculturais.

a) Teoría: Vai ser mínima posto que a práctica vai prevalecer sobre todo; só se vai explicar a vida e costumes británicos, as súas ideas, pensamentos, cultura, etc.

b) Sintetización: Irase marcando o vocabulario a estudar para cada control ou cada avaliación, e os exercicios correspondentes.

c) Práctica: Haberá dictados, conversas, traducións inglés-castelán-inglés e facer algunha práctica en galego. En canto ós exercicios entrará cada unha das partes fundamentais da gramática: verbos auxiliares e verbos irregulares, oracións interrogativas, negativas, preposicións, construcións sintácticas, determinantes e pronomes indefinidos. Sesións de Video co método "Follow me". É dicir que vai ser todo práctica, admitindo, tódalas propostas e suxerencias dos alumnos, pois tamén eles poden autoconducirse dun xeito máis proveitoso e positivo, que é en realidade do que se trata.

Con respecto a estas tres asignaturas de lingua compre ter en conta o seguinte: van ser asignaturas acumulativas, é dicir, non hai nada eliminatorio o que entra na primeira avaliación vai entrar na segunda e na terceira.

CIENCIAS SOCIAIS

Primeiramente organizarase o estudio e as explicacións pertinentes da cada un dos temas da programación; logo disto orientarlos encol do proveito material que os alumnos poidan sacar para a súa actividade laboral e medios socioculturais.

A) Teoría: Tenderase e tentarase que sexa o menos árida posible, pois o factor: emisor-mensaxe-receptor non sempre acada unha boa aceptación. Para esta asignatura, onde prima o estudio e onde a explicación faise inevitable, tentaremos auxiliarnos de material escolar e didáctico para facer derivar a teoría en algo que adoitaremos chamar teoría participativa onde non sexa tan só o mestre o motor, senon que os alumnos se aveñan a participar aportando o seu graniño de area.

Hai dúas partes: dunha temo-la xeografía onde os mapas van xogar un papel clave para a ubicación, e doutra banda a Historia, problema clave de explicación onde entrará o tema da sintetización como eixo fundamental de estudio.

O tema da teoría irase vendo sobre a marcha, pois as máis das veces, e ó querer se participativa, son os mesmos alumnos os que suxiren e deste xeito atínxese unha harmonía positiva.

B) Sintetización: O mestre deberá indicar en cada momento, logo da explicación dada, o que se debe ler, para ter conceptos claros, o que se ten que estudar, ó que se lle vai sacar partido. O alumno irá aprendendo a sintetizar de seu, suliñando ou facendo resumos encol do que vai estudar, para así ir acumulando toda información que precisa para memorizala posteriormente.

C) Práctica: Haberá tódolas modalidades de exercicios dentro do programa. O punto negro é a posible falla de tempo ou a non asistencia ás clases dalgúns alumnos. O que sería moi importante e productivo: sesións de video, diapositivas, etc., que chegen a ilustra-los temas e, deste xeito, minguar a aridez da explicación, para que a autoaprendizaxe sexa visual ó mesmo tempo que de lectura da información da que deberán dar conta.

Facer unha visita á praza o Obradoiro para lles explica-la arte tendo como modelo clave a nosa Catedral.

De tódolos xeitos tentárase de facer todo o posible para acadarmos tódolos fins e os obxectivos propostos. Aparte da realización dos exercicios de cada lección como método de autocomprobación.

CIENCIAS NATURAIS

A organización do curso vai quedar dividida en tres grandes bloques: a primeira avaliación comprenderá toda a parte correspondente á Natureza, na segunda verase toda a parte que comprende a Física, e a derradeira é a parte de Química. A orientación desta asignatura vaise desenvolver máis na parte de Física e de Química namentras que en Naturais vaise desenvolver todo o que implique Bioloxía.

A) Teoría: Vai estar máis representada na primeira avaliación onde a parte de Natureza requirirá tódolas explicacións pertinentes que poidan haber lugar.

Dividi-lo temario por partes para que encaixe no primeiro trimestre.

Con respecto á Física e á Química temos que ir desglosando os temas por partes, dando o mestre a explicación pertinente poñendo supostos prácticos e resolvendoos de seu para que, deste xeito, quede a teoría xustificada. Xunto con tódalas dúbidas que poidan acontecer queda así plasmada a parte teórica.

B) Sintetización: Se temos en conta que a teoría desta asignatura é a parte de Naturais é pois onde cabe este apartado, é dicir o que deben entender aprender e assimilar para a súa función na vida. Con respecto á parte de Física e Química incluirá o fundamental e necesario para o desenvolvemento no eido laboral e que o alumno deberá seguir segundo as explicacións do mestre.

C) Práctica: Entrará todo tipo de exercicios referente tanto á parte de Física como de Química.

Sería interesante a visita a algún laboratorio de Física ou de Química así como de Ciencias, mágoa que o factor tempo, conxuntamente co desprazamento non xoguen ó noso favor, nembargantes barallaremos tódolas posibilidades.

Os devanditos exercicios fan alusión ós temas do programa que están feitos segundo as necesidades inherentes ó eido laboral máis có sociocultural.

Serán dirixidos e controlados polo mestre, co que, ó final, saberán as leis máis importantes da Natureza, da Física e da Química e o seu desenvolvemento práctico.

MATEMÁTICAS

Pouca programación queda por facer encol desta asignatura que non se programará nas devanditas.

Deixaremos esta asignatura dividida en dúas partes complementarias entre sí: teoría e práctica.

O apartado da orientación irá vencellado ó da teoría posto que esta asignatura e os temas que conleva están enteiramente vencellados ó eido laboral.

Os alumnos da E.P.A. teñen que ter xa uns conceptos preadquiridos, que alomenos, teríanlle que sonar; de tódolos xeitos, o curso de matemáticas para estes alumnos é, senón especial, si adecuado ás súas circunstancias e feito inminente para a práctica e o desenvolvemento que lles será positivo e de proveito para a vida, en tódolos seus eidos; fundamentalmente no traballo ou medio laboral ó que pertenza.

A) Teoría: Queda só para o esclarecemento de conceptos, dúbidas e todo o que supoña explicación, o libro de texto será o guía, nembargantes, se cómpre, o mestre completará con apuntes para todo aquilo que non fose entendido ou ficara dubidoso.

B) Práctica: A posta en funcionamento da teoría dada. Vai funcionar coma un mecanismo autónomo; faranse de todos cantos modelos de exercicios haxa sen escatimar tempo ou materia.

O que sí queremos, da nosa banda, é que o alumno acade un bo nivel e quede instruído sobre esta asignatura que xunto coas de lingua galega e "lingua española" coidamos coma máis importantes e proveitosas para os medios laborais e socioculturais onde os alumnos da E.P.A. poidan integrarse na vida sen temor a non saber desenvolverse.

Este é o programa que estamos a seguir regularmente e do que nos damos por satisfeitos xa que estamos acadando uns resultados moi satisfactorios por parte dos nosos alumnos. Sabemos que non é o mellor sistema, senón que haberá outros con mellores resultados posiblemente; nembargantes nos expomo-lo noso por considerarlo moi axeitado ó tipo de ensino que estamos a desenvolver e co que os alumnos obteñen un resultado positivo á hora da entrega das calificacións.

OS PROBLEMAS DA E.P.A.

O curso da E.P.A. plantexa nembargantes algunhas vantaxes e inconvenientes ó mesmo tempo e coidamos que garda un "algo" que o fai diferente a calquera curso de E.X.B. ou de B.U.P.; si exceptuamos o factor idade que constitúe un verdadeiro punto neurálxico, xa que as idades dos nosos alumnos van dende os 15 anos ata os 40 máis ou menos.

1.- O primeiro problema a desenvolver vén ser, asistencia ó curso; aprender para saber ou aprender para acadar un título e traballar. Ámbalas dúas premisas son xustificables e é un pouco difícil establecer un límite entrámbolos dous factores e que nós imos resolvendo do seguinte xeito: partimos da base que veñen a aprender e facemos que ése sexa o punto de arranque, nembargantes, cabo dalgúns días decatámonos que o que eles desexan é acadar un título que lles permita continuar.

Esta condición desglósase en dúas bandas:

A) Primeira: Aqueles alumnos que no superarón a E.X.B. e desexan continua-los seus estudos, nesta opción atópanse os máis novos.

B) Segunda: Aqueles alumnos que por razóns diversas desexan obter un título, para mellora-lo seu nivel de vida ou por esixencias laborais ou para conserva-lo traballo que teñen.

Os primeiros toman un interese maior pois saben que van precisar de toda unha serie de adquisicións de conceptos e nivel cultural que lles permita continuar nos seus estudos, namentras que os segundos só procuran o seu aprobado sen interesarlles nada máis.

Isto é algo que nos doe un pouco e contra o que loitamos fortemente tratando de conciencialos en que "O saber non ocupa lugar" un dito tan antigo como verdadeiro pero que é, para nós, o primeiro pilar que nos conduza a introducirmos no eido da cultura; concienciámoslos de que deben aproveita-la asistencia á clase para trataren de aprende-lo máis posible e que lle tomen gusto ó estudio como unha actividade humana ou se queren coma un "hobbie" ou como unha afición sen se limitaren tan só a aprenderen o imprescindible que lles sinala o programa.

2.- Aquí atopamos tamén un novo desdobre, dun lado temos a educación para adultos que verdadeiramente teñen interese pola aprendizaxe, en saber e aprender como consecuencia dunha situación social, económica e cultural que lles foi imposible ter acadado no seu tempo e no seu día cos da súa idade. Debemos recoñecer, que é un número moi limitado. Nembargantes atopámonos ante un tipo de alumnos loitadores con que non hai dificultade de conexión e ós que se chega facilmente, veñen xa concienciados e sabidos do que van facer, por qué queren facelo e para qué; a meta que desexan acadar vena positivamente e saben que o único camiño que teñen é aterrar no campo do estudio, buscando o sistema que máis lles vai favorecer. O primeiro paso xa está dado, logo o estudio e a aprendizaxe e outra tarefa da que logo falaremos.

Por outra banda atopámonos cun grande número de alumnos que queren acadar un título é, dicir, o Graduado Escolar; tan só para que lles permita melloralo seu nivel de vida dende o punto de vista económico, ascendendo na escala laboral. É dicir que uns porque o precisan para continuar na empresa, outros para entrar nun traballo e outros para poderense presentar a unhas oposicións.

O choque entrámbolos dous bloques é forte sobre todo perante a liña pedagóxica a seguir xa que plantexa un problema á hora de distribuír ámbolos dous grupos citados e como axuntalos para facer un só bloque.

O SISTEMA DE APRENDIZAXE

Os nosos alumnos han de cumprir un programa ó que xa se fixo alusión, nembargantes a pedagogía, a intuición e a práctica axuda moito á hora de impartir-las clases.

Sempre tentamos de procura-lo mellor sistema seguindo a nosa liña: explicacións, exercicios, prácticas, audicións, videos, medios informatizados, traballos en equipo, traballos individuais, de redación, investigación, ampliación ou elaboración, etc., outras veces son os propios alumnos quen propoñen ou dan novas ideas, algo que nos satisface moito en canto ó interese que demostran, pero por outro lado temos medo a que os resultados non se vexan satisfactorios, de tódolos xeitos nunca lles rexeitamos-las propostas que nos fan, porque nos parece contraproducente e podemos, involuntariamente, desanimalos e non é o noso desexo; outras veces as súas propostas parécennos boas e dándolle un pequeno toque obtemos uns resultados óptimos ó pólas en práctica; cómpre dicir que isto non sempre acontece pero cando xurde aproveitámolo.

Quedou xa constancia, e non imos insistir niso, de que a nosa obriga é a de cumprir unha programación desglosada en 6 asignaturas, para que os nosos alumnos poidan acceder ó Graduado Escolar. Nembargantes, e sin ánimo de cambia-la programación, gustaríanos propor un plano de estudos que verdadeiramente axude ós alumnos da E.P.A. na súa formación e na súa integración social e que a súa falla de estudos por mor dun sinfin de causas, non constitúa un muro infranqueable para a súa volta "á escola".

Sería moi interesante o poder traballar e descubrir qué materias ou asignaturas se poderían dar como importantes e establece-las fronteiras entre elas. Asignaturas como Matemáticas e Lingua castelá son os dous pilares básicos na formación xa non só dun rapaz senon tamén dun adulto. Entramos tamén na dicotomía de lingua galega e lingua castelá; como galegos non podemos rexeita-la nosa cultura con que o plano ideal sería a lingua castelá como modelo dunha cultura de España e a lingua galega como a da comunidade autónoma á que pertencemos e onde nacemos, establecendo así un bilingüismo do que deberíamos presumir como noutras culturas, sen espírito de competitividade.

O factor idade tamén xoga un papel decisivo á hora de volver a afacerse ó estudio, os máis novos sintense máis cómodos posto que aínda hai pouco que deixaron os estudos, namentras que os de máis idade sintense un pouco desfasados; en contrapartida atopamos que todos teñen un grande interese co que imparti-las clases resulta doado e agradable, pois sexa cal sexa o motivo que os induce a vir, sempre demostran interese e a atención máxima e ás veces, ata resulta un pracer traballar con eles.

De tódolos xeitos ese pequeno medo inicial co que chegan vaise dissipando moi axiña co recibimento e acollida que lles damos, máis ou menos pronto intégranse perfectamente dado o ambiente agradable co que se atopan, o trato, a afabilidade e o ánimo que lles damos, polo que cremos que é abondo para estaren o máis cómodos posible. E é así. É unha volta a escomenzar coa que se identifican perfectamente ata a fin do curso.

AS NOSAS ASPIRACIÓNS

Gustaríanos que houbera máis xente adulta que se decidise a seguir estudiando, non tan só por acadar un título, senón por saber, por adquirir unha cultura e que se saiban desenvolver sen titubeos e con propiedade na vida.

Os nosos manuais son: Educación para Adultos; da Editorial Santillana, para tódolas asignaturas salvo para lingua galega que utilizamos a Editorial Anaya, o Libro de texto de Oitavo de E.X.B. Nos segímolos porque os consideramos moi completos e adecuados ó nivel do programa que estamos a impartir.

De tódolos xeitos gustaríanos que houbera outro tipo de textos que condensasen paso a paso todo o que é básico: por exemplo en Matemáticas, o que son as simples regras de cálculo ata as fórmulas de comercio pasando polas fraccións, raíz cadrada, regra de tres, e deixando un pouco de lado os temas dos conxuntos e simbolismos da matemática moderna que non lle resolven moito na vida.

En lingua (galega e castelá): dende as regras ortográficas, ata a literatura, pasando pola morfoloxía e fundamentalmente a sintaxe do verbo.

En Ciencias Sociais: dunha banda a Xeografía de España e de Galicia: hidrografía, relevo, provincias, comunidades autónomas, capitais etc. e doutro lado a Historia, tamén de Galicia e de España desde as súas orixes ata os nosos días.

Gustaríanos crear tamén unha aula de adultos que quixeran facer estudos a nivel de B.U.P., é dicir que fosen alumnos que, unha vez superada a etapa da E.X.B. ou Graduado Escolar, desexasen continuar por libre ou conta propia estudos a ese nivel, que o que non puideron facer no seu día poidan facelo agora, como unha actividade vista dende un punto obxectivo ou como se fose un deporte, quen sabe si deste xeito poderían chegar a acadar todo o B.U.P.

Non é o mesmo tratar con rapaces de E.X.B. ou con mozos de B.U.P. que estudian, os mais deles, por non teren outra cousa que facer, ou por obrigación ou porque non lles queda outra alternativa; os alumnos de Educación de Adultos que queiran seguir estudiando por interese particular xogan unha boa baza xa que non se ven sometidos a ningunha presión, ó seren adultos favorécelle-lo seu interese e o seu coñecemento de causa, saben procura-la súa meta e ata donde queren chegar, os que non o intentan nunca saberán o que puideron ser, e os que o intentan e non acadan as súas metas polo menos quedan conformes por telo intentado e a nosa noraboa sería do máis sinceiro.

Coido que se deberían crear máis aulas de adultos en tódolos colexios e escolas onde haxa liberdade de acollida e non se vise iso como aula de "alumnos fracasados" por lle chamar dalgún xeito, que volven a intentalo "por si toca a sorte" coma se fose unha lotería.

Nós ofrecemo-lo noso colexio e abrimoslle-las portas a todo aquel adulto maior de 15 anos, sen límite de idade, que queira vir, contamos con profesorado licenciado, material, biblioteca, aulas e tempo a partires das 6 do serán.

Animamos a todos aqueles que teñan certa incertidume e que si poden, queren e teñen interese por voltar a estudar se comprometan a afrontar esa tarefa, sempre se pode aprender moito máis do que un cre, e dende dentro vense mellor tódolas cousas.

AS XUNTANZAS NOS CENTROS DE ADULTOS NA PROVINCIA DE LUGO


*Manuel Souto Salgado
Segundo López Méndez
Carmen Picado Muínelo*

INTRODUCCIÓN

Breve resumo do desenvolvemento da Educación de Adultos na Provincia de Lugo

FUNCIONALIDADE

-Centros de E.P.A.




ALTERNATIVAS

- Centros de Educación de Adultos de Ensinanza a distancia
- Centros de Educación de Adultos de Ensinanza semipresencial (ECCA)

XUNTANZAS ANUAIS DOS PROFESORES DE EDUCACIÓN DE ADULTOS

- Finalidade
- Función
- Desenvolvemento
- Actividade
- Obxectivos



CONVIVENCIA ANUAL

- Finalidade
- Desenvolvemento de actividades
- Obxectivos
- Centros organizadores
- Actividades máis destacadas

Antes de entrar no que é propiamente a experiencia das xuntanzas-convivencias na provincia de Lugo, consideramos necesario facer unha pequena introducción dos Centros existentes e as modalidades de ensino que se ofrecen, xa que de tódolos tipos que imos reseñar participan nas devanditas reunións.

O ensino en Adultos está orientado baixo dúas modalidades: a ensinanza presencial, distribuída en sesións de mañá, tarde e noite, e a ensinanza a distancia.

A modalidade presencial dispón dos seguintes Centros: Lugo capital con dous: ubicados en Albeiros e M^a Inmaculada, Sarria, Villaba, Ribadeo, Viveiro, máis tarde créase Burela e Monforte. Tamén existen aulas de adultos en cinco colexios de E.X.B.: Castro de Rei, Castroverde, Cospeito, Fonsagrada e Quiroga.

Nos Centros de adultos, aparte das ensinanzas regradas que levan a obter o título de Graduado Escolar, lévase a cabo o ensino non regrado ou ocupacional; ten por obxecto completa-la formación do adulto que segue as anteriores e, ademais, abri-lo Centro a outro tipo de alumnado que non ten necesidade de acceder a unha titulación académica para integrarse no mundo laboral.

Estamos a ver que a nivel internacional, o desenvolvemento do ensino non formal, xorde cun pulo espectacular, e no que á educación de adultos se refire, está máis que xustifico, porque....

1.- O sistema escolar non está respondendo ás novas necesidades da poboación e polo tanto faise indispensable un complemento do mesmo.

2.- Os métodos da educación non formal, así coma a súa estrutura, programación e organización, resultan máis flexibles para converterse nunha segunda oportunidade.

3.- Os custos son menores cós do sistema escolar.

Por todo iso pensamos que no futuro a educación de adultos vai aproximándose a esta modalidade como unha forma máis flexible e funcional de concibi-la educación.

As ensinanzas non regradas destes Centros son moi variadas e favorecen unha meirande aceptación posto que se adaptan de xeito máis real á súa actividade e ás necesidades e intereses do mundo do adulto.

A modo de exemplo citarémo-los cursos que se veñen a impartir coma: Ortografía, mecanografía, galego nos graos de iniciación e perfeccionamento, contabilidade básica, corte e confección, patronaxe e deseño, bordado, guitarra e solfeo, os talleres de arte nos que se inclúe: modelado, esmalte en frío escaiola, repuxado, reproducións en estaño, gravado en cristal, vidreiras, porcelana rusa, serigrafía e pirograbado. Teares e artesanía en madeira, macramé e bolillos, fotografía, xardinería, cociña, idioma, postgraduado, historia comarcal, así coma ciclos de conferencias sobre a temática máis diversa sen abandona-los temas máis palpitantes da actualidade.

Hai Centros en réxime de ensino a distancia como alternativas ós Centros de ensino presencial. Facilitan o dereito á educación ós que non poden asistir normalmente ós Centros anteriores.

Na Provincia existen dous:

1.- CEGEBAD (Centro Galego de Educación Básica a Distancia) que está a cargo do profesorado das Centros públicos de Adultos en réxime presencial e dependen da Coruña.

2.- O Centro Radio ECCA de ensino semipresencial, integrado totalmente na educación de Adultos provincial.

Utiliza como instrumento básico a audición radiofónica da clase e noutros casos facilitando os temas gravados en cassettes acompañados dun esquema que deben completar. Ó mesmo tempo deben asistir a reunións periódicas co gallo de plantexar e soluciona-las dúbidas.

Este centro presenta dous enclaves: O centro propio en Lugo cidade, ubicado en adultos de Albeiros que coordina o centro e sur da provincia e outro en Burela que depende do de Lugo e coordina a zona norte. En varias cabeceiras de Concellos hai Centros de Orientación.

No eido do ensino non regrado fai un destacado labor impartindo cursos e talleres coma...Idioma, o I.V.E., lexislación laboral, manipulación de alimentos, saúde, drogodependencia, animadores de grupo, rendemento escolar, animación sociocultural, técnicas comerciais, estimulación precoz, técnicas de venta, etc...

Con tan variadas ofertas e unha gran variedade de alumnado, nos Centros E.P.A. vén a darse, dende hai uns anos, unha animación e espallamento de ideas moi importante.

O balance ata a actualidade resulta altamente positivo, se ben, é preciso continua-lo proceso de integración de tódolos elementos co obxectivo de dinamiza-los Centros e comprometer a mestres e alumnos nun ensino de calidade.

Estas reflexións deron pé a que por parte do inspector/a ponente de Educación de Adultos e dos profesores dos Centros da provincia, se tomase o acordo de manter varias xuntanzas que terían lugar en Albeiros como Centro piloto provincial. Estas terían lugar tres veces ó longo do ano en cada curso escolar.

A primeira ten lugar no mes de setembro onde se fai a planificación do curso en canto a: Temario, obxectivos fundamentais (formados por equipos de profesores especialistas nas diversas áreas). Fíxanse as datas de avaliación, as actividades extraescolares, a posible recuperación en xuño e setembro. Trátase de potencia-la formación e a reciclaxe do profesorado, organízanse cursiños, seminarios etc. Reflexións sobre as necesidades reais dos centros, as demandas específicas da poboación adulta nos distintos ámbitos, estudo sobre o fracaso escolar e sobre aquel alumnado con actitudes perante a vida fondamente negativas así coma a súa incidencia na educación de Adultos.

Propostas de como instrumenta-la coordinación a nivel local, reivindicar anualmente o dereito dun marco xurídico e financeiro que consideramos necesario para mellora-la Educación de Adultos. A formación de Asociacións de Ex-alumnos coa finalidade de que a Educación de Adultos sexa permanente.

Fíxase a data da 2ª reunión que sempre vén se-lo día seguinte ás vacacións de Nadal, a terceira para ás de Semana Santa co gallo de non altera-la marcha das clases. Nestas dúas últimas reunións hai un intercambio de experiencias de Centros e a nivel persoal, outras de tipo pedagóxico, viaxes culturais e deportivas, a marcha dos talleres, etc. Fíxase a data para a celebración da xuntanza-convivencia anual así como o Centro que a organiza.

Estas reunións trimestrais rematan cun xantar de irmandade de tódolos profesores.

Como logro máis positivo destas reunións, consideramos que é o que fose aceptado case de xeito "institucional", que cada curso escolar, e de forma rotativa, un centro E.P.A. organiza o día da convivencia anual na que: o inspector ponente, profesores e alumnos reúnen no lugar elixido para convivir un día que normalmente se desenvolve así:

Empeza pola mañá na cabeceira do Concello ó que pertence o Centro organizador cunha recepción por parte do señor alcalde e do director do Centro de Adultos da localidade. A continuación, xa misturados nos autocares, xírase unha visita cultural que destaque polo seu interese neste concello. Chega o tempo de xantar xuntos cunha alougada sobremesa para favorece-la convivencia e a tertulia entre os asistentes. Logo terán lugar as actividades deportivas que se procura sexan variadas co gallo de que se achegen ós diferentes intereses de tan variada concurrencia. Pónse en litixio algún trofeo donado por institucións locais.

Para o remate un espacio folclórico-lúdico e un tempo libre para face-la visita á vila. Por último cada Centro volta ó seu lugar de orixe.

Ata o presente curso as convivencias foron as seguintes:

En Villalba

- Visita ó Complexo Industrial das Pontes
- Xantar no Centro de Adultos
- Visita a unha explotación mariña.

En Ribadeo

- Xira en barca pola ría
- Xantar no Monte de Santa Cruz

En Lugo

- Concentración na Delegación de Educación
- Visita a cidade e zona Monumental: Catedral, Muralla, Museo, etc.
- Xantar na área recreativa dos Lagos de Teixeira.
- Visita ó Castro Celta de Viladonga

En Sarria

- Visita a fábrica de Cementos Oural e ó Mosterio de Samos
- Xantar no Centro de Adultos

En Viveiro

- Visita ó Complexo industrial Alúmina aluminio
- Visita a un viveiro mariño de rodaballo
- Xantar no monte de San Roque.

No presente ano correspondía organiza-la xuntanza ó Centro de Monforte, pero facéndonos eco da celebración do XACOBEO, os Centros da provincia, representados por unha Comisión Xestora, elaboraron unha programación de carácter recreativo-cultural coa vista posta na reunión de irmandade que anualmente fan os devanditos centros.

No fondo desta execución, preséntase o actual ano co ánimo dun espírito Xacobeo arroupado polas diversas actividades culturais turísticas e de animación.

É finalidade dos organizadores, facer chegar a todos e cada un dos alumnos ese impacto que a dá a tradición cultural peregrina, que supuxo un cambio nas estruturas galegas, se fixe co mellor dos espíritos.

A elaboración do proxecto baseado nunhas reunións periódicas, tivo bases:

1.- O intento de espertar no adulto o respecto pola múltiple tradición dos noso antepasados.

2.- Uni-los esforzos de profesores e alumnos para alcanza-la maior unidade, colaboración e convivencia.

3.- Dar un aspecto de actividade extraescolar ós actos que se han celebrar.

4.- Adquirir coñecementos e experiencias sobre o CAMIÑO de SANTIAGO, os seus núcleos de poboación e, en xeral, todo aquilo que orbita arredor dese sol central chamado "XACOBEO 93"

Como medida previa para centra-las bases de actuación, establecéronse datas de reunións nas que, xurdindo dun consenso, repártense as funcións persoais entre os membros da devandita Comisión, sempre partindo da base de actuación física concretada neste itinerario: Sarria, Triacastela, Samos, Paradela e Portomarín. As bases quedarán reflexadas en:

a) Relación con Centros e profesorado

Prevese neste apartado os distintos aspectos relativos ó contacto que se sintetiza en distintas circulares, coa finalidade de manter informado ó claustro de profesores dos centros que concurrirán, nelas faciáanse diversas suxerencias sobre posibles actividades para unha mellor e maior mentalización do " ANO SANTO XACOBEO"

b) Relación con alcaldes e Concellos

Séntase como premisa fundamental a visita periódica ós Concellos do itinerario previsto, fixase como finalidade a busca de compromiso por parte dos mandatarios municipais para o bo desenvolvemento das actividades previstas.

c) Imprenta e información

Isto hase entender como a recollida de material informativo sobre a rota a seguir, para repartilo posteriormente.

Deste xeito faise unha recollida de material relativo ó camiño: Planos, folletos, mapas, etc.

d) Solicitude de axudas

Neste apartado englóbase as visitas a representantes das institucións galegas a nivel de Xunta, Deputación, Concellos... coa finalidade de poder recaudar algún fondo para facer fronte ós gastos que se ocasionan polas actividades que se programan tales coma: Premios, trofeos deportivos, financiamento do transporte, recordos, etc.

Considérase coma un aspecto básico o mantemento dunha infraestrutura centrada na coordinación horaria das distintas actividades: Transporte, aspectos culturais e deportivos, así como a entrega de evocacións e outros motivos que fagan referencia ó acontecemento.

e) Centralización de actividades

As vilas que se relacionan serán os puntos base de actuación. Así:

Coa chegada á vila de Sarria, faráse entrega (por parte de voluntarios) de variada información sobre a rota a seguir.

Na Casa de cultura falará o cronista oficial da vila de Sarria para proporcionar un maior e mellor achegamento á realidade da xornada.

O punto seguinte será Triacastela onde se fará unha pequena visita e as fotos diante do monumento ó peregrino.

Samos como seguinte punto do camiño que aportará o significado dos seus monumentos coma o mosteiro Benedictino, centro por excelencia da Galicia interior, en peregrinaxe a Compostela.

Historia e paisaxe para goce dos asistentes á xornada, ofrecerá Paradela onde os seus lugares aparecen xa en vellos códices.

Portomarín será finalmente o Centro das actividades, ó que hai que achegarse a pé dende uns dous quilómetros antes coma símbolo exemplar de peregrinaxe. Á chegada o Sr. Alcalde, dará a benvida a tódolos participantes e a continuación un xantar de irmandade.

Despois do xantar, está prevista a visita á exposición de murais feitos polos distintos Centros E.P.A. (motivos XACOBEO-93), que estarán situados no lugar preciso.

Os directores dos centros outorgarán os premios correspondentes.

Seguirán a continuación as actividades deportivas poñendo en xogo varios trofeos.

Finalmente o Concello de Portomarín patrocinará un grupo folclórico que animará o final da xornada.

E como conclusión final estresacamos que estas convivencias supoñen novas proxeccións no ámbito de influencia dos Centros, que coas súas programacións anuais crean un sinal de identidade cun marcado signo socio-cultural.

Estas planificacións contribúen a unha consolidación destes Centros como axentes sociais que reflexan na colectividade proxectos culturais que empuxan á dinamización das sociedades que se precisen de ir en primeira liña.

Por todo isto, é xusto dicir que as xornadas de convivencia dos Centros de Adultos, son a posta en síntese dun traballo que conduce á unidade de acción, propia de todo labor que pon como meta unha maior perfección de tódolos adultos-alumnos e alumnos-adultos.

POSIBLE PROXECTO DE FORMACIÓN PARA OS PROFESORES DAS PERSOAS ADULTAS DA PROVINCIA DE LUGO

Alicia Rosa Peña Murias

Lendo o plano xeral anual de formación e perfeccionamento do profesorado de niveis non universitarios editado pola Consellería de Educación no presente ano, pódese ver como obxectivo central o de INTENSIFICAR E PROFUNDIZAR NUN MELLOR SEGUIMENTO DA FORMACIÓN DO PROFESORADO COMO ELEMENTO IMPRESCIDIBLE PARA RESPONDER ÁS DEMANDAS E NECESIDADES DESTE PROFESORADO, DOS NOVOS DESEÑOS CURRICULARES E DAS INICIATIVAS DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA EN GALICIA.

Por outra banda, no parágrafo seguinte, di: "Faise aconsellable un proceso de descentralización planificado á formación en cada provincia".

Como xa durante este curso comezaron a funcionar os citados planos provinciais a través dos CEFOCOPS, nós (E.P.A. de Lugo) presentamos un proxecto para a nosa formación. Contestáronos que, ó pertencer a unha das modalidades específicas (compensatoria, adultos, coeducación, etc) que, por causa das nosas peculiaridades ou reducido número de destinatarios, xunto co seu espallamento, aconsellan unha organización centralizada.

Como no apartado 2-5-4 do citado plano xeral da Consellería di que o programa de formación para o profesorado de adultos está en fase de deseño e que, polo menos, se contempla a realización dunha actividade de actualización científico-didáctica en cada provincia, creo que chegou o momento de que, pola nosa conta, fagamos os nosos planos ou proxectos de formación a nivel provincial e que os presentemos para a súa realización.

CARENCIAS FORMATIVAS.

Despois de ve-lo novo perfil do educador de adultos que contempla funcións de animador, formador, xestor, axente, asesor, dinamizador e que, desde logo, debера estar máis en consonancia co proceso ensinanza-aprendizaxe que co simple papel de transmisor de coñecementos. Isto lévanos a determinar a especial importancia que toma a formación do profesorado encargado desta tarefa.

Co fin de detecta-las diferentes necesidades formativas que os profesores da miña provincia puidesen sentir, realicei as actuacións seguintes:

- a) Entrevistas e contactos directos con tódolos profesores, recollendo información do que desexaban en temas formativos e mais do que carecían.
- b) Recolleita de aportacións nas memorias de fin de curso, elaboradas polos distintos centros e aulas provinciais.
- c) Reunións cos clasutros dos distintos centros.
- d) Análise das conclusións finais ás que se chegou nas últimas xornadas celebradas en Santiago e mais no curso de formación realizado en Lugo.

Ó rematar este traballo e analizar todas estas actuacións, detectei que as carencias formativas esenciais do profesorado da miña provincia son as seguintes:

- 1.-Afondar no coñecemento da realidade na que nos movemos (Psicoloxía do alumno, medio socio-cultural no que se desenvolve, expectativas laborais)
- 2.-Preparación didáctica e científica para responder ás necesidades deste alumno.
- 3.-Aplicación de técnicas para mellora-lo rendemento, técnicas de estudio, dinámica de grupo, etc.
- 4.-Formación nas novas tecnoloxías como apoio do centro e como axuda na captación de máis alumnos para os nosos centros.
- 5.-Posta en práctica de novos deseños metodolóxicos que fomente a actividade, a investigación-acción e maila autoaprendizaxe.
- 6.-Información sobre o mercado laboral que nos permita orienta-la formación cara á consecución dun posto de traballo digno para os nosos alumnos.

ATRANCOS

Podemos clasificar estes atrancos en: materiais, humanos e institucionais.

- 1.-Tempo dispoñible para a formación que dificilmente cadra co do resto do profesorado por causa das características do noso horario laboral.
- 2.-Carencia de incentivos e dietas para a formación.
- 3.-Ausencia da linguaxe teórica propia da educación de adultos, así como de documentación específica.
- 4.-Necesidade de mobilización do profesorado debido ó espallamento.
- 5.-O perfil xeral dos profesores de E.P.A. é dun profesor de E.X.B. que pasou ó ensino de adultos sen estar preparado para esta clase de ensinanza.

6.-Desenvolvemento normativo pendente por canto a lei de adultos non está aplicada.

7.-Ausencia de currículo específico do profesor de educación de adultos.

RECURSOS

Aínda que resulta difícil establecer de forma pormenorizada os recursos que serían precisos para o desenvolvemento do presente proxecto xa que moitos deles estarán en función dos temas concretos a desenvolver, si podemos salientar, de modo xeral, os seguintes:

1.- Recursos Humanos

O proxecto precisa de poucos recursos humanos a mobilizar xa que son os profesores os que realizan o seu propio perfeccionamento. Así e todo, habería que recorrer, a nivel de especialistas, a:

- Equipo asesor da Consellería de Educación.
- Expertos cualificados de entidades públicas e privadas.
- Expertos da universidade en temas relacionados coa Educación de Adultos.
- Colaboración total cos Inspectores relatores de adultos.
- Expertos en temas laborais ou formación ocupacional, federación empresarial ou de formación profesional.

2.- Recursos materiais

Utilizaremos, para levar a cabo este plano de formación:

- Material do centro de recursos provincial, que nos ofrecerá un cumprido arsenal de medios audiovisuais.
- Locales cedidos polo centro de adultos, así como o mobiliario e tódolos servizos precisos para as distintas actividades.
- Medios dos que dispoñan tódolos centros de adultos da provincia.
- Recursos económicos que nos conceda a Consellería.

PLANIFICACIÓN DESTE PROXECTO

As actividades formativas para levar a cabo na miña provincia serían as seguintes:

- 1.- Curso de formación inicial para todo o profesorado e, de maneira especial, para o de ingreso recente.
- 2.- Xornadas mensuais de formación para tódolos profesores.
- 3.- Desenvolvemento e seguimento de seminarios nos distintos centros.
- 4.- Xornadas de ámbito autonómico para analizar, revisar e intercambiar experiencias formativas cos distintos profesores das catro provincias galegas.
- 5.- Xornadas co CEGBAD.

OBXECTIVOS DESTE PLANO

Os obxectivos propostos para este plano de formación son os que, tendo en conta o profesorado co que contamos, tratan de dar solucións ás súas carencias formativas.

1.-Dotar ó profesorado dos coñecementos específicos que permitan atender ós seus alumnos en relación co medio do que proceden e o papel que realizan.

2.-Afondar no coñecemento da psicoloxía do adulto, sobre todo na do adolescente.

3.-Ofrecer formación inicial a todo o profesorado, e especialmente ó de nova incorporación.

4.-Afondar no coñecemento de métodos e técnicas de aprendizaxe aplicables a alumnos adultos.

5.-Elaborar un programa de orientación persoal, educativo e profesional para o alumno adulto.

6.-Abordar a nivel provincial aqueles temas de interese xeral e comúns a tódolos profesores, como:

- Experimentación de métodos e técnicas novos.
- Elaboración de deseños curriculares de acordo cos intereses dos alumnos.
- Elaboración de programas comúns de orientación e formación dos nosos alumnos.
- Proporcionar información sobre temas laborais.
- Dotar ó profesorado de medios que lle permitan coñecer as necesidades dos seus alumnos para axeitar as súas ensinanzas.

CURSO DE FORMACIÓN INICIAL

O seu comezo será no mes de setembro e estará dedicado a formar a cada un dos profesores de adultos e mais ós títulos do CEGEBAD.

Desenvolverase en tres fases: Presencial, non Presencial e Avaliadora.

Fase presencial.

Consistirá nun curso de formación no centro de Albeiros-Lugo.

Os contidos propostos para este curso de formación serán os seguintes:

- Coñecemento da psicoloxía dos distintos suxeitos da educación de adultos.
 - Metodoloxías aplicadas axeitadas ós distintos grupos de alumnos cos que traballamos.
 - Elaboración de programas de orientación persoal, educativa e profesional para o alumno adulto.
 - Coñecemento sobre o mercado laboral, provincial, rexional e nacional que nos permita orientar ó alumno cara ó eido no que el poida progresar e desenvolverse mellor.
 - Formación nas novas tecnoloxías como apoio docente nas nosas aulas.
- Este curso programarase da seguinte maneira:

- a) Exposición, por parte dun experto en cada un dos distintos temas formativos axeitados ós obxectivos que desexamos acadar.
- b) Coloquio entre os participantes e o relator correspondente.
- c) Grupos de traballo para analiza-los distintos puntos e exercicios que o relator estime oportunos ou que aparezan a partir do tema tratado.
- d) Discusión en grande grupo dos distintos puntos conflictivos, facendo por aportar solucións ós problemas que poidan aparecer.

Fase non presencial.

Os participantes no curso de formación inicial disporán de dous meses para desenvolve-los traballos prácticos encargados polos distintos relatores, como aplicación dos contidos expostos na fase presencial e orientados á súa realidade territorial. Estes traballos enviaranse ó centro que será o encargado de llelos remitir ós relatores para que os avalíen.

Fase Avaliadora.

Desenvolverase a primeiros do mes de decembro, coa asistencia de tódolos profesores.

Farase unha avaliación dos traballos e tamén as necesarias correccións para obter así os mellores resultados posibles.

Se fose preciso, volveríanse expo-los traballos e repetiríase a súa realización con fin de lograr unha maior perfección e rendibilidade.

XORNADAS DE FORMACIÓN

Terán lugar cada quince días e sempre en venres, por se-lo día de meirande absentismo nas nosas clases.

Estas xornadas terán como obxectivo principal o de segui-la formación dos profesores e nelas abordaranse os aspectos seguintes:

- Formación e información de diversos temas de interese, que poderán ser solicitados polos propios profesores de acordo coas súas necesidades.
- Exposicións de comunicación de distintos profesores para intercambiar coñecementos e experiencias vividas nas súas respectivas aulas.
- Grupos de traballo.
- Elaboración de materiais diversos que nos permitan desenvolve-lo noso traballo de maneira máis sistematizada e racional ó tempo que nos ofrezan un meirande abano de posibilidades formativas para os nosos alumnos.
- Análise das necesidades formativas detectadas por cada un dos participantes, que servirán de guía para a seguinte xornada, na que se poderán abordar e solucionar.
- Fixación de indicadores de avaliación para os distintos centros e aulas do noso traballo persoal e educativo.
- Realización de distintos programas de elaboración para os diversos centros distribuídos por toda a provincia, de acordo coas necesidades de cada zona.

-Avaliación dos resultados obtidos no traballo realizado e nos programas aparecidos en cada unha das nosas actividades.

SEMINARIOS

Existen na provincia distintos seminarios que se desenvolven nos nosos centros e nos que o obxectivo principal é favorecer-la reflexión e a formación dos profesores en temas que permitan conseguir un avance na educación de adultos, así como tamén lograr coñecementos para desenvolver dun xeito máis perfecto o seu labor como educadores, animadores, xestores, etc.

Estes seminarios desenvolveranse en tres fases diferenciadas:

- Asesoría dun experto no tema.
- Recolleita de datos nas distintas institucións, asociacións, empresas, colectivos, etc.
- Análise destes datos, estudos profundos sobre eles, elaboración do traballo e avaliación con conclusións finais.

XORNADAS DE ÁMBITO AUTONÓMICO

Para analiza-la situación e mailo desenvolvemento da E.A. nas distintas provincias e comparala co que se está a facer no resto do territorio español, sería a celebración anual dunhas xornadas para tódolos profesores de Galicia cunha duración mínima de tres días.

Obxectivos destas xornadas

- Aportar experiencias e coñecementos obtidos nos distintos seminarios ou grupos de traballo que se realizasen en cada provincia.
 - Experiencias individuais dos nosos compañeiros que estean nas distintas aulas.
 - Proxectos diversos de cada centro cos seus obxectivos e metodoloxías para se poder beneficiar de tódolas consecucións.
 - Expor comunicacións diversas de todos nós, nas áreas nas que cada quen pense que obtivo algo interesante para el e para os máis.
 - Intercambiar, nunha palabra, aqueles que cada un de nós, ou cada grupos de traballo, vaia conseguindo a prol dunha maior e mellor formación persoal e de grupo, para, ademais, fomenta-lo perfeccionamento horizontal.
- Tamén, e segundo os intereses de todos nós deberíamos traer expertos en distintas materias para irmos avanzando cara a novas metas.

Ó remate destas xornadas, os asistentes elaborarán un estudio das necesidades de formación nas súas respectivas zonas de influencia, así como un proxecto de formación posible para o próximo curso.

Estes proxectos, despois de elaborados polos distintos centros de cada provincia, revisariáanse e faríase un plano de formación provincial.

AVALIACIÓN DESTE PROXECTO DE FORMACIÓN

Toda avaliación, para que sexa formativa, debe, non soamente ser sumativa final que avalíe os resultados, senón que debe ter en conta outros elementos como:

Obxectivos, Opcións formativas, planificación, contidos, Metodoloxía, Temporalización, Actuación dos participantes, Resultados obtidos, Loxística, etc.

Para avaliar todas estas variables debemos marcar uns indicadores que nos axuden a obter mellores resultados. Os máis importantes, a meu modo de ver, sería:

-Axeitamento do contexto inmediato ás necesidades educativas.
-Axeitamento do proxecto ós profesores participantes, ás súas necesidades e expectativas.

-Axeitamento ós principios psicolóxicos de investigación e participación.

O traballo avaliador levarase a cabo en diferentes momentos do desenvolvemento do proxecto.

1.- Avaliación inicial formativa.

Realícese unha análise da realidade, dos atrancos, recurso, carencias, e, despois de feito todo isto, elaborouse un deseño formativo.

2.- Avaliación formativa procesual.

Terá lugar no período de execución do proxecto. Tendo en conta e determinando:

-Se os contidos e obxectivos son coherentes coas necesidades formativas do profesorado.

-Se os novos coñecementos están axeitados á realidade dos destinatarios.

-Se a metodoloxía aplicada é participativa-activa, e se é válida para a actividade docente dos formadores.

-Se os grupos funcionaron ben e obtiveron conclusións.

-Se a temporalización é axeitada.

Esta avaliación sería levada a cabo polos responsables de formación e mais polos propios grupos de traballo establecidos no seu desenvolvemento.

AVALIACIÓN SUMATIVA FINAL

Rematado o proceso formativo, realízase unha avaliación na que se terá en conta:

a) Os traballos dos distintos grupos formados durante os cursos.

b) Análise dos coñecementos adquiridos.

c) Melloría formativa en tódolos participantes.

De todo isto podemos tirar unha información que, xunguida á que se poida derivar na observación dos cambios reais, será útil para comprobala efectividade alcanzada.

AVALIACIÓN DEMORADA

Se este proxecto de formación é correcto no seu deseño, e se se axeita ás necesidades dos participantes, haberá xerar cambios reais no desenvolvemento do noso labor como profesores de adultos.

Para ver se isto se acada a curto e medio prazo, teremos que observar estes cambios no profesorado, tanto nas súas actuacións coma no seu comportamento.

- Se sabe facer unha análise da realidade.
- Se é quen de descubri-las súas necesidades formativas.
- Se xestiona mellor os recursos da súa zona.

Tamén teremos que observa-los cambios necesarios na organización do proxecto, o seu desenvolvemento e maila súa proxección na zona, vendo:

- Participación
- Captación de alumnos posibles.
- Ampliación de ofertas formativas ós habitantes da zona.
- Clasificacións dos obxectivos.

Este seguimento haberá ser verificado por: o propio profesorado mediante unha autoavaliación; o formador e os grupos de formación; a inspección técnica por medio do seu relator en adultos que elaborará informes consonte ós resultados.

UNHA REFLEXIÓN SOBRE A REALIDADE DO ENSINO DE ADULTOS

M^a del Carmen Fernández González

M.F. Gómez Vidal

F.J. González Álvarez

X.L. Nogueira Fernández

(E.P.A.S. de Verín e O Barco)

Os Centros de Educación Permanente de Adultos de O Barco e de Verín, levan funcionando desde o curso 89-90, sendo polo tanto o actual curso 92-93 o seu cuarto ano en funcionamento. Cada centro conta con dous profesores/as e a súa zona de influencia é moi ampla, aproximadamente un tercio da provincia de Ourense (ver mapa 1), extendéndose a influencia do de O Barco a territorios pertencentes a Castela-León (Ponte Domingo Flórez, Salas de la Ribera,...).

Os profesores/as dos dous centros quixemos facer unha pequena reflexión sobre a realidade do ensino de adultos. Co primeiro que topamos foi co alto grao de fracaso existente tanto en ensino presencial como a distancia (CEGEBAD), fracaso constatado nun estudio estatístico dos tres últimos cursos cos alumnos/as matriculados no terceiro ciclo para a obtención do Graduado Escolar. Os datos falan de por si con contundencia. **FIXÉMONOS NOS CADROS 1 e 2.** Vemos que a media de aprobados neses derradeiros tres cursos (89-90, 90-91 e 91-92) no Barco é do 22,5% en ensino presencial e do 32,7% no CEGEBAD, en Verín do 29,6% en presencial e do 31,3% no CEGEBAD. Ou o que é o mesmo, que nos nosos centros fracasan o 74% dos alumnos/as en presencial e o 68% no CEGEBAD.

O índice de fracaso é polo tanto alarmante e pensamos que este fracaso non é só patrimonio dos nosos centros e que podería considerarse como unha característica xeral común a tódolos centros de E.P.A. da nosa Comunidade Autónoma. Podería pensarse en que este mal é debido a que os profesores/as esiximos demasiado e que situámo-lo listón do Graduado Escolar moi alto, pero nada máis lonxe da realidade, xa que os nosos programas están a nivel de Sexto e Sétimo de E.X.B.

Como paso seguinte analizamos, tratando de atopar algunha resposta, ós nosos alumnos/as e outra vez os datos foron contundentes. OBSERVÉMOLOS CADROS 3 e 4. Vemos que o 78% dos alumnos/as matriculados para a obtención do Graduado Escolar no Barco é o 66,6% en Verín teñen idades comprendidas entre os 14 e os 19 anos. Isto significa que a gran maioría dos matriculados/as son fracasados do sistema escolar (E.X.B.), e evidénciase que o ensino de adultos está concebido como unha educación compensatoria e que os centros de adultos estanse a converter en asilos destes fracasados ó comprobar que en moitos centros de E.X.B. non se conceden prórrogas e que cando un alumno/a molesta é enviado á correspondente centro de E.P.A.. E seguimos a pensar que isto tampouco á patrimonio noso só.

Seguindo co noso estudio comprobamos que máis do 20% dos matriculados tiveron informe do equipo psicopedagóxico, e entre as deficiencias detectadas máis habituais aparece a dislexia, converténdose os centros de E.P.A. en receptores de alumnos/as de Educación Especial. E nós preguntámonos ¿cómo tratar todas estas deficiencias nos nosos centros sen os adecuados recursos nin preparación para facelo?. ¿ E en cantos outros centros non sucede o mesmo?... E pensando, pensando, chegamos á conclusión de que é necesario que os equipos psicopedagóxicos fagan unhas probas de exploración iniciais ós nosos alumnos/as para detectar calquer deficiencia, así como para planifica-lo traballo de recuperación ou a terapia adecuada. Sería moi bo para este mester contar coa axuda dun/ha profesor/a de apoio e así atender o máis dignamente posible ós nosos alumnos.

Tamén cremos que parte do fracaso pode ser debido á non existencia dun currículo específico de adultos ou máis ben para fracasados xerados polo sistema. Repítenselle-los mesmos contidos e obxectivos que os conduciron ó fracaso, resultando evidente que o currículo debe adaptarse ás características, condicións e necesidades destas persoas, ter entidade propia e non supeditarse ó de E.X.B.

Precisar, así mesmo, que a mellor forma de axudar a moitas destas persoas, que veñen de fracasar no E.X.B., sería a través do que a LOXSE presenta como segundo gran obxectivo de educación de adultos: mellora-la súa cualificación profesional ou adquirir unha preparación para o exercicio dunha profesión. E pódese contestar que para eso está a Formación Profesional. Nós apreciamos que hai unha porcentaxe de alumnos nosos

matriculados en F.P. e que alí fracasan igualmente. Polo tanto coidamos que a mellor solución estaría nos Obradoiros-Escolas, nos que recibirían unha Formación Básica a través dos propios profesores/as dos actuais centros de E.P.A. cun currículo específico, e unha preparación para o exercicio dunha profesión por parte de monitores ou profesores contratados para tal tarefa. Evidentemente cumpría facer, antes de nada, un estudio de mercado na zona para ver qué actividades profesionais terían unha mellor perspectiva de futuro.

Continuando co estudio e fixéndonos nos niveis nos que se matriculan as xentes que acoden ós nosos centros, vemos que non acode a poboación analfabeta. Os casos durante tódolos anos de funcionamento que levamos cóntanse cos dedos dunha man. E se considerámo-la alfabetización como un dereito básico elemental e necesario nun estado democrático para compensar as desigualdades sociais existentes, é un obxectivo prioritario de calquera acción do goberno galego unha campaña de alfabetización para que de cara ó horizonte do ano 2.000, o analfabetismo sexa algo realmente residual na nosa Comunidade Autónoma. Pero semella que se quere deixar pasa-lo tempo, ocultando o problema e mesmo esperar a que o problema desapareza coa propia vida destas persoas. Para esta campaña habería que unir moitos esforzos e implicar a: Administración Educactiva, Concellos, Consellería de Traballo e Asuntos Sociais, Centros Sociais, Organizacións de Xubilados e Pensionistas, Organizacións de Defensa dos Dereitos da Muller, Organizacións de Amas de Casa, Asociacións de Defensa dos Dereitos Humanos, Asociacións de Apoio ós Refuxiados e Imigrantes, etc...

En Galicia, segundo o Instituto Galego de Estatística, temos un total de 71.691 persoas analfabetas (3%), das que 15.927 (1,36%) son homes e 55.764 son mulleres (4,40%). E por iso, dentro do propio censo figuran un total de 667.453 persoas (27,41%) sen estudos completos, ás que podemos considerar como neo-analfabetos funcionais.

E os concellos nos que están inmersos os nosos centros non escapan desta influencia. Todo o contrario. Vexámo-los casos tanto de Verín coma de O Barco (CADRO 5). Segundo o último censo verinés dunha poboación total de 11.072 persoas topamos con 408 analfabetos, 3.787 sen estudos, isto é, de analfabetos funcionais, e 3.967 con estudos simplemente primarios. No Barco dunha poboación de 11.180 persoas encontramos 310 analfabetos 3.714 sen estudos e 2.298 que non consignan datos.

A necesidade da campaña que propomos é evidente, e houbo unha gran oportunidade de encetala no ano 1.990, co gallo do Ano Internacional da Alfabetización, que pasou sen pena e sen gloria. A alfabetización debe se-la primeira etapa do proceso de educación básica e permanente. E non o decimos nós, senón a Declaración de Persépolis.

E tendo en conta que a meirande parte dos analfabetos son mulleres, máis ben de idade avanzada e que están a realizar un triple traballo (campo, casa e

familia,...), o non afrontamento do problema seméllanos unha discriminación máis. Se como sabemos a persoa analfabeta non acepta nin afronta o seu problema ou non sabe como facelo, debería estimularse a súa asistencia ás aulas de alfabetización mediante un salario alfabetizador (lembramos que nos Obradoiros-Escolas e nos cursiños do I.N.E.M. hai salario).

Queremos continuar agora a nosa reflexión centrándonos no CEGBAD. Vemos que os alumnos/as que se matriculan nos nosos centros pola modalidade de distancia igualmente fracasan. Lembrémo-los datos. No centro de O Barco só obtiveron o título de Graduado Escolar o 32,7% dos matriculados nos anos de funcionamento do centro, e en Verín o 31,3%. Todo o mundo sabe que coa implantación da LOXSE trátase de primar á educación a distancia, e cremos nós que reconducir ós alumnos/as a esta variedade educativa significará un aumento de fracaso. O ensino a distancia é lexítimo, ten a súa razón de ser e de existir, e debe ser apoiado e mellorado para ser utilizado por todas aquelas persoas que debido a súa situación persoal non poden segui-lo ensino presencial. ¿Por qué dicimos que os nosos alumnos/as fracasarían na modalidade de distancia?. Pois porque os coñecemos, porque a maioría son fracasados escolares, moitos con deficiencias, e metelos dentro dun sistema centralizado, pechado e rixido é poñelos nas mans do fracaso.

Seguimos a reflexionar. O terceiro obxectivo que establece a LOXSE con respecto ó ensino de adultos é o de desenvolve-la súa capacidade de participación na vida social, cultural, política e económica. ¿Onde queda este obxectivo nos actuais centros de E.P.A.? Por suposto que nós estamos interesados en participar na vida social e cultural do noso contorno, pero para iso sería necesario un convenio entre a Consellería de Educación, Consellería de Cultura, Consellería de Traballo e Asuntos Sociais e os distintos Concellos para que os centros de adultos teñan facilidades para asistir ás distintas actividades e divulga-las súas.

Temos en mente, polo tanto, centros de educación de adultos polivalentes, nos que se atendería a formación base, a formación e actualización profesional, e a participación na vida social e cultural (VER ESQUEMA A).

E para remata-la nosa reflexión, apuntar brevemente a problemática fundamental que aqueixa ós nosos centros:

-Temos que denunciar que a ratio legal permitida é abusiva e antipedagóxica ó situala en 80 alumnos-as/profesor-a.


-Que hai aulas que contan cun só docente, que ten que impartir tódolos niveis (desde alfabetización ata graduado escolar) e tódolas áreas (desde matemáticas e naturais ata galego e inglés).

-A maior parte das aulas e centros creados están infradotados. Hainos que nin sequer dispoñen de locais ou que os comparten con actividades que interfieren totalmente no labor docente. Coidamos que cada aula e centro debe dispor de edificio propio e contar cunha dotación mínima de material: biblioteca, fotocopiadora,

ordenador/es, televisión, vídeo, videoteca, material específico de lectoescritura e de matemáticas para alfabetización, e post-alfabetización material audiovisual para a aprendizaxe da lingua estranxeira e laboratorio de ciencias naturais.

-Os docentes que traballamos nos centros de adultos non podemos asistir a cursos de formación por impedimentos propios dos horarios. Solicitamos cursos específicos para os profesores/as de adultos.

-Os centros e aulas necesitan autonomía financeira para poder adquirilo material que realmente necesitan.



MAPA 1 . - Zona de Influencia dos centros de E.P.A. de Verín e O Barco

CADRO 1 .- Centro E.P.A. de O Barco (Ourense)

CURSO	Nº ALUMNOS/AS MATRICULADOS 3º CICLO		GRADUADOS CONSEGUIDOS		% APROBADOS	
	EPA PRESENCIAL	C.E.G.E.BAD	EPA PRESENCIAL	C.E.G.E.BAD	EPA PRESENCIAL	C.E.G.E.BAD
89-90	57	7	8	3	14.0 %	42.0 %
90-91	43	13	13	3	30.0 %	23.0 %
91-92	68	15	16	5	23.5 %	33.3 %
MEDIA APROBADOS.....					22.5 %	32.7 %

CADRO 2 .- Centro E.P.A. de Verín (Ourense)

CURSO	Nº ALUMNOS/AS MATRICULADOS 3º CICLO		GRADUADOS CONSEGUIDOS		% APROBADOS	
	EPA PRESENCIAL	C.E.G.E.BAD	EPA PRESENCIAL	C.E.G.E.BAD	EPA PRESENCIAL	C.E.G.E.BAD
89-90	70	8	26	2	32.0 %	25.0 %
90-91	83	14	18	6	21.0 %	42.0 %
91-92	87	11	32	3	36.0 %	27.0 %
MEDIA APROBADOS.....					29.6 %	31.3 %

CADRO 3 .- E.P.A. O Barco Curso 91/92

CADRO 4 .- E.P.A. Verín Curso 91/92

IDADE	Nº ALUMNOS/AS MATRICULADOS 3º CICLO	%	IDADE	Nº ALUMNOS/AS MATRICULADOS 3º CICLO	%
14-19	53	78.0 %	14-19	58	66.6 %
20-24	4	5.8 %	20-24	12	13.7 %
25-34	4	5.8 %	25-34	11	12.6 %
35 para adiante	9	13.2 %	35 para adiante	6	6.8 %

CADRO 5 .- Nivel de instrucción nos concellos de O Barco e Verín


Concello de O Barco

NIVEL DE INSTRUCCIÓN	HOMES	MULLERES	TOTAL
NON SABE LER / ESCRIBIR SEN ESTUDIOS	102 1.794	208 1.920	310 3.714
GRADUADO ESCOLAR	1.738	1.584	3.322
B.SUP. E TIT. SUPERIORES SEN DATOS	715 1.201	820 1.097	1.535 2.298
TOTAIS	5.550	5.630	11.180

Concello de Verín

REPARTO SEGUNDO NIVEL DE ESTUDOS		
COD.	ESTUDOS	XERAL
01	ANALFABETOS	408
02	SEN ESTUDOS	3.787
03	PRIMARIOS OU 5 ANOS DE E.X.B.	3.967
04	G.ESCOLAR, B. ELEMENTAL OU 5 ANOS E.X.B.	1.486
05	FORMACIÓN PROFESIONAL, I	135
06	FORMACIÓN PROFESIONAL, II	100
07	B.SUPERIOR OU B.U.P.	755
08	OUTRAS TITULACIÓNS MEDIAS	61
09	ARQUITECTO OU ENXEÑEIRO TÉCNICO	21
10	DIPLOMADOS EN ESCOLAS UNIVERSITARIAS	124
11	ARQUITECTO OU INXEÑEIRO	5
12	LICENCIADO UNIVERSITARIO	199
13	OUTRAS TITULACIÓNS SUPERIORES	9
14	DOCTORADO	9
15	POSTGRADUADOS	6
TOTAIS		11.072

ESQUEMA A .- Organigrama de Centro polivalente



NECESIDADE DO RECOÑECEMENTO E POTENCIACIÓN DA EDUCACIÓN NON FORMAL DAS PERSOAS ADULTAS

Mari Carme Ricoi Lorenzo

Estamos nunha época dourada para a Educación non formal. O feito de que teñamos moito tempo libre fai desta sociedade un medio favorecedor da formación, sexa a que sexa, aínda que non vaimos na procura dunha titulación académica. Por desgracia quizais non sexa porque haxa menos paro pero é importante observar que se está movendo algo.

Neste traballo intentamos repasar o que é a Educación Non Formal, repasamos a súa evolución histórica, o panorama actual en Galicia, a importancia e beneficios que ten e rematamos reflexionando sobre unhas posibles liñas de actuación para a súa potenciación.

1. DELIMITACIÓN CONCEPTO:

Para poder delimitar o concepto vou analizar o enfoque dado por Jaime Sarramona (1989), un informe do Banco Mundial (1976) e a definición dada polo Libro Blanco da Educación de Adultos (1986) para finalizar dando a miña visión persoal deste campo educativo.

1.1. A definición de Jaime Sarramona:

Dunha intervención que tivo este autor nas "I Jornadas de Educación de Adultos. (Modelos formales y no formales)" en Zaragoza tomamos a seguinte cita:

"A educación non formal, en cambio, non está referida a un público específico que cumpre uns requisitos formais, nin se acha sometida a unha regulamentación que desemboca na acreditación de títulos académicos. Ambas (refírese á educación formal e non formal), sen embargo, teñen en común o principio de sistematismo; en caso contrario, cando a educación non responde a un proxecto previamente determinado e non se aplica en función de tal proxecto, achámonos ante a educación informal" (Sarramona López, J., 1989, p. 34) (a tradución e aclaración entre paréntese é miña)

Sobre esta intervención teño que dicir que:

a) En ocasións si está referida a públicos específicos como é o caso das actividades extraescolares, cursos ocupacionais para persoas desempregadas, actividades para minorías étnicas, actividades de promoción da muller etc.

b) Tamén entendo como este autor que o seu fin principal non está na acreditación de títulos académicos aínda que si entendo que deberían existir fórmulas para recoñecela ou revalidala de cara á obtención de títulos académicos.

c) O sistematismo é unha característica necesaria tamén na Educación Non Formal, aspecto que reforza e facilita o seu recoñecemento a efectos formais.

1.2. Informe do Banco Mundial:

Nas mesmas xornadas o propio Sarramona citaba un informe do Banco Mundial (1976) que dicía:

"Por conseguinte, a Educación Non Formal non é ningunha alternativa, ningún sistema paralelo á educación formal, senón que (...) se trata dun sistema complementario que proporciona una segunda oportunidade para os que non tivesen a adecuada oportunidade durante a idade escolar"(Sarramona López, J., p. 34) (a tradución é miña)

Con respecto a esta definición quero dicir que:

a) A definición limita a Educación Non Formal a unha visión compensatoria e complementaria do sistema de educación obrigatoria facéndoa depender del porque ven a substituíla.

b) A Educación Non Formal cumpre metas propias que responden ás necesidades e demandas das persoas e que non teñen por que suplir as carencias instrumentais ou básicas da educación obrigatoria.

1.3. A definición dada polo Libro Blanco da Educación de Adultos:

O Libro Blanco da Educación de Adultos (MEC, 1986), nunha aclaración dos conceptos de Educación formal, non formal e informal (pp. 13 e 14) dicía:

"Educación estruturada que ten por finalidade esencial non a obtención dun recoñecemento oficial como crédito, diploma, grao académico ou capacitación profesional. Poderíase relacionar co termo educación non regulada ou educación non institucional. Pero pode ter recoñecemento académico en determinadas condicións".

Con respecto a esta definición quero dicir que:

a) Tampouco non é finalidade esencial da educación formal o obter un título senón a de educar e formar as persoas que a el acoden.

b) Ten moito que ver coa educación non regulada pero non tan claramente coa educación non institucional posto que moitas institucións educativas -e no caso das persoas adultas está claro- se dedican á Educación Non Formal ou como fin principal ou de forma complementaria.

c) Tamén opino que pode ter un recoñecemento por exemplo a efectos da obtención dunha titulación.

1.4. Unha visión persoal:

Pola miña parte definiría a Educación Non Formal como o conxunto de procesos formativos organizados e que non teñen por meta alcanzar unha titulación académica polo menos de forma inmediata.

Parece necesario definila como proceso organizado para distinguila da educación informal. Unha actividade está organizada cando existe unha intencionalidade, unha planificación, uns recursos específicos e uns axentes identificables.

Entendo que a meta da Educación Non Formal non é alcanzar unha titulación académica de forma inmediata aínda que o feito de ter un recoñecemento contribuiría a esta meta. Isto sérvenos para diferenciala da Educación Formal.

Cómpre non identificar a Educación das Persoas Adultas coa Educación Non Formal: nela existen procesos de educación formal, non formal e informal, aspectos que tamén conflúen nas anteriores fases educativas.

2. EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA REALIDADE DA EDUCACIÓN NON FORMAL:

A Educación Non Formal é un concepto recente que se divulga a partir dos anos sesenta facendo referencia a influencias externas á escola. Non obstante sempre houbo procesos intencionais e non intencionais de transmisión do saber fóra do ámbito educativo formal: desta forma sempre se pasaron os distintos saberes dunha xeración a outra e sempre houbo formas culturais de ocio. Non existía unha fronteira clara entre os procesos non formais e informais de educación.

Esta transmisión e formas de ocios mantéñense en boa parte pero ademais foron aparecendo formas máis organizadas de educación non formal como veremos posteriormente ata a realidade actual onde se pode falar dunha avalancha de ofertas diversas.

2.1. A transmisión do saber profesional:

Nas sociedades tradicionais era habitual a transmisión dos saberes dunha xeración a outra. Estes saberes eran fundamentalmente prácticos e estaban relacionados coas necesidades e habilidades das persoas e cos recursos que ofrecía o medio natural. Esta formación era moito máis variada e polifacética á vez que se adquiría no momento mesmo en que aparecía a necesidade.

Desta forma, no seo da familia e da comunidade, iamos recibindo os saberes técnicos e profesionais.

A medida que se facía máis complexa a realidade social fóronse creando novas formas, máis organizadas de transmisión do saber. Coa aparición da vida nas vilas medievais aparecen o modelo de aprendiz e os gremios que, entre outros fins, tiñan o de formar ás persoas que ingresaban na profesión. Coa aparición da produción industrial, a necesidade de formar ás persoas para a utilización das máquinas e de ir actualizando as súas habilidades cando ían cambiando tamén xerou novas fórmulas de formación. Ao ir crescendo a complexidade das habilidades e coñecementos para desenvolver os traballos tamén se foi organizando cada vez máis o proceso de formación en tódolos momentos e circunstancias: inicial, actualización, ampliación, reciclaxe, etc.

2.2. A ocupación do tempo de lecer:

Ó longo das xeracións, foron aparecendo formas de ocupar os períodos de descanso: xogos populares, festas comunitarias (relixiosas e pagás), a canción e a música, a literatura popular, o desenvolvemento de aspectos estéticos en torno ás creacións artesanais, formas de convivencia e comunicación como os fiadeiros ou as xuntanzas informais á sombra ou en torno ós asentos na rúa, as tabernas cos xogos de cartas e o ir de viños etc.

Estas manifestacións estaban intimamente ligadas á vida cotiá, ao medio social, ó traballo do campo, ás estacións do ano, ós recursos do medio natural e ao acentuado sentido comunitario que existía. Na medida en que van cambiando estes factores tamén van cambiando os modos de ocupar o tempo de lecer. Estes cambio son:

-A aparición da vida urbana e as súas consecuencias sobre a nosa vida: maiores niveis de stress, melloría do nivel socio-económico, o illamento social e a búsqueda de identificación e de relacións sociais.

-Os calendarios, os horarios e os modos de traballo nos que se vai reducindo o tempo de traballo e aumenta o tempo libre. Tamén é certo que os modos de traballo son moi sedentarios, competitivos e mecanizados, o que favorece o stress.

-Os avances científicos nos campos da bioloxía, psiquiatría, psicoloxía, neuroloxía e medicina en xeral propician un aumento da concienciación e da preocupación pola saúde en Xeral e en particular pola saúde mental, o benestar físico, a aceptación do individuo e da súa propia personalidade e da súa integración no medio.

2.3. A aprendizaxe dos saberes da vida:

A través de vías informais fóronse transmitindo e transmitense moitas pautas de sociabilidade e formas de resolver os diversos problemas que nos van aparecendo ó longo da nosa vida: modos de trato, de comunicación, de resolver conflitos, os remedios de curación caseiros, as crenzas, o vestir, a hixenie, a cociña, a estética persoal, etc. Estes aspectos fóronse incorporando cada vez máis á educación

obrigatoria baixo o lema dunha "escola para a vida". Non obstante hai unha demanda crecente de formación para persoas adultas neste sector, quizais polo ritmo cambiante da realidade ou pola insuficiente formación que se recibe por canles informais ou formais (educación obrigatoria). Neste sentido tamén inflúen novos conceptos de terapia como a ludoterapia, a laborterapia, a musicoterapia, etc.

3. PANORAMA ACTUAL EN GALICIA:

3.1. Modalidades:

a) Presencial: A Educación presencial é aquela que fundamenta o desenvolvemento das actividades na asistencia a un lugar educativo determinado cunha periodicidade e regularidade variada. Parece ser a que ten unha maior pluralidade e variedade en canto a institucións, campos de traballo, métodos, persoal etc. Nela, seguindo o criterio da FAEA (Federación de Asociacións de Educación de Adultos), encontramos institucións de diversas titularidades:

-*pública*: en particular a oferta do INEM (Instituto Nacional do Emprego), centros públicos de Educación das persoas adultas, actuacións formativas do Exército, de Concellos, das Consellerías/Ministerios de Saúde, Traballo, Benestar social, Agricultura, Pesca etc.

-*privada*: ademais de centros privados de Educación das persoas adultas existen numerosas academias e centros de formación que ofertan actividades para persoas adultas particularmente no ámbito do ocio e da preparación para exámenes e oposicións.

-*iniciativa social*: diferenciamos esta oferta da xenérica privada por entender que estas iniciativas se caracterizan pola súa xénese xa que nacen normalmente en contextos socialmente desfavorecidos e necesitados para atender un público de clases sociais baixas, a titularidade que corresponde normalmente a un grupo, colectivo ou asociación, e por non teren ánimo de lucro. Aquí entran ofertas moi variadas que abarcan desde o traballo de centros para as persoas adultas, asociacións culturais, veciñais, sindicais, profesionais, de promoción social ou persoal, etc.

b) non presencial:

Este tipo de ofertas ten a característica de utilizar algún soporte tecnolóxico, ben un medio de comunicación (televisión, radio, teléfono ou prensa), ben unha gravación (vídeo, casete ou disco informático) ben o simple medio impreso (libros, fichas, etc.). Podemos distinguir entre oferta:

c) semi-presencial:

Refirome a aquelas que obrigan a un contacto periódico co centro. É o caso dos centros ECCA, de titularidade pública en Galicia, concertada en Canarias e privada no resto de España, e que oferta cursos nos ámbitos da contabilidade, formación para a saúde, a animación sociocultural, a formación de pais/nais e pedagóxicos entre outros. A tecnoloxía ECCA recorre a 3 elementos: o material

impreso de carácter mutilado que obriga ás persoas a seguir unha gravación, a emisión radiofónica ou no seu defecto a súa gravación en cassetes e a reunión semanal ou clase de orientación en que o grupo de alumnos e alumnas se reúne co/coa profesor/a para clarificar dúbidas e intercambiar pareceres.

d) a distancia:

Caracterízase por non ser necesario o contacto presencial co profesorado aínda que pode manterse o contacto a través de diversos medios: correspondencia, teléfono ou por ordenador. Distingo entre:

-*enseñanza por correspondencia*: É unha oferta case exclusivamente privada que utiliza de forma principal de promoción a prensa escrita. Son centros como CCC, Instituto Americano, CEAC, etc. Teñen ofertas moi variadas pero centrada fundamentalmente en torno á formación de carácter profesional e para o ocio. Utilizan como soporte fundamental o material impreso complementado ás veces por gravacións en cassetes, vídeos ou soporte informático.

-*televisión e radio*: Polo de agora só se teñen emitido cursos de idiomas tanto na TVE (Televisión Española) como nas televisións e radios autonómicas, Utilizan ás veces de forma complementaria algún material escrito.

-*xornal*: Téñense realizado algúns cursos de idiomas a través de xornais como El Correo Gallego e La Voz de Galicia. As persoas van seguindo o curso día a día e poden ás veces facer consultas telefónicas.

-*UNED (Universidad Nacional a Distancia)*: Ten unha serie de cursos monográficos baixo o epígrafe de **Enseñanza Aberta a Distancia** que utilizan como soporte fundamental o material impreso e algúns teñen complementos gravados ou informáticos. Algúns teñen reunións ou convivencias como parte do curso. A súa finalidade é a formación continuada de rango universitario sen que sexa necesario un título académico previo.

-*fascículos*: Hai un certo tempo empezou a funcionar un tipo de curso que se segue mediante o estudio a través duns fascículos de entrega periódica e que establecen un sistema de comunicación telefónica ou por correspondencia. Polo de agora céntranse sobre todo nas áreas de carácter empresarial.

3.2. Ámbitos:

Seguindo o Libro Branco da Educación de Adultos encontramos educación non formal en calquera dos 4 ámbitos referidos á Educación para as persoas adultas aínda que maiormente nos 3 primeiros ámbitos:

-A formación orientada ó traballo (actualización, reconversión e renovación dos coñecementos de tipo profesional).

-A formación para o exercicio dos dereitos e responsabilidades cívicas (ou para a participación social).

-Formación para o desenvolvemento persoal (creatividade, xuízo crítico, participación na vida cultural).

-Como fundamento esencial a todas elas a formación xeral ou de base, que cando non se conseguiu na idade apropiada, constitúe un prerequisite indispensable de tipo compensador.

3.3. Aspectos organizativos:

A Educación Non Formal ten desenvolto metodoloxías de moito interese para a propia Educación Formal que afectan á organización espacial, temporal, motivación, materiais, dinámica da clase etc. apartando unha maior flexibilidade e diversidade, buscando a un tipo de motivación máis intrínseca que extrínseca, materiais máis diversificados e non comercializados, e procurando unha maior preocupación polas experiencias e polo proceso antes que polos contidos e o produto. Así mesmo ten desenvolto as actividades cun persoal moi variado buscándoo antes pola súa preparación que pola súa titulación.

En canto ó financiamento, cómpre destacar as poucas vías que existen fóra da formación básica e da formación laboral. Empezan a ter certa relevancia os programas de atención á muller e a grupos marxinais a través de consellerías e ministerio de Asuntos Sociais. Adoecen aínda desas vías os ámbitos dedicados ó ocio e ó desenvolvemento persoal.

4. IMPORTANCIA E BENEFICIOS DA EDUCACIÓN NON FORMAL

Polo que levamos visto a Educación Non Formal ten moita importancia posto que supón un escalón de organización do que en tempos foi e segue sendo educación informal. As necesidades sociais cambian e na época que nos toca vivir a Educación Non Formal vai xogar un papel cada vez maior.

A Educación Non Formal ofrece grandes beneficios en tódalas dimensións tanto individual como socialmente:

- Laboral, porque posibilita a actuación e a reciclaxe de cara a permanecer ou entrar na actividade laboral.

- Saúde, porque responde á necesidade de desenvolver hábitos de vida saudables e ás demandadas de actualización que demanda o público.

- Ben-estar, porque contribúe a mellorar a calidade de vida de toda a poboación enriquecendo o seu tempo libre e mellorando o seu estilo de vida.

- Desenvolvemento, porque favorece a autonomía persoal e a capacitación tanto profesional como cívico-social favorecendo procesos de defensa dos dereitos propios e colectivos.

- Coñecemento, enriquecendo e elevando o nivel cultural da poboación en xeral dunha forma máis rica e vivencial que a que ofrece e fomenta a cultura televisiva.

5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA A SÚA POTENCIACIÓN:

Propoño diversas liñas de actuación para promocionala:

- Fomento da oferta pública, sobre todo nos sectores de ocio, e laboral a distancia.

- Liñas de financiamento institucionais inclusive para o tempo de lecer e o desenvolvemento persoal.

- Planificación comunitaria, para darle un sentido máis integral e responder mellor ás demandas e necesidades da poboación.
- Recoñecementos dos coñecementos adquiridos, non co gallo de facela formal senón de que se recoñeza que existe unha aprendizaxe.
- Validacións a efectos formais, do mesmo xeito que se pretende buscar o recoñecemento da experiencia da educación informal da vida.
- Establecemento de prioridades para a participación de sectores sociais desfavorecidos, parados/as, mulleres, sectores marxinais, saúde (prevención), etc.
- Dotación de infraestructuras, de uso comunitario e local (casas da cultura, casa do pobo, etc.).
- Preparación de profesionais para que actúen dunha forma máis planificada e pedagóxica.
- Realización de investigacións co gallo de sistematizar metodoloxías e recursos propios da Educación Non Formal.

BIBLIOGRAFÍA

- APPS, J.W. (1990): **Problemas de Educación Permanente**. Ed. Paidós. Barcelona.
- CASADO, D. (1984): **Por una acción social y cultural alternativa**. Ed. Marsiega. Madrid.
- CONSELLO DE EUROPA (1970): **Educación permanente. Principios de base**. Estrasburgo.
- FROUFE, S. y SANCHEZ, M^a.A. (1990): **Animación sociocultural. Nuevos enfoques**. Ed. Amaru. Salamanca.
- MEC (1986): **El Libro Blanco de la Educación de Adultos**. MEC. Madrid.
- QUINTANA CABANAS, J. M^a (1991): **Pedagogía comunitaria. Modelos mundiales de Educación de adultos**. Ed. Narcea. Madrid.
- SARRAMONA, J. (1989): "*Educación de Adultos por metodología no formal*", en Ferrández, A. e Peiró, J. (dir) (1989), **Modelos formales y no formales en la educación de adultos**. Ed. Humanitas. Barcelona.
- VILADOT, G. (1988): **La Educación de adultos: reflexiones para una práctica**, Ed. Laia. Barcelona.

A EDUCACIÓN BÁSICA DE ADULTOS EN FLANDES

María Xosé Pérez Meixeira

INTRODUCCIÓN

A experiencia da Educación Básica de Adultos en Flandes pode constituír un dos modelos a ter en conta para o desenvolvemento da E.B.A. en Galicia.

En primeiro lugar polo proceso de ORGANIZACIÓN que sigue:

Investigase primeiro a realidade determinando as necesidades prioritarias que esa educación ten a sociedade.

Regulamentase logo todo o sector creando as estruturas necesarias para implementar e soste-la E.B.A.. E, finalmente, inscríbese nun modelo pedagóxico que se adapta perfectamente ás características das persoas adultas pouco escolarizadas e permite unha flexibilidade curricular tendente á eficacia inmediata.

Tamén é unha mostra da implicación da Universidade nas tarefas de investigación, consulta e de compromiso coa realidade da E.B.A.

A EDUCACIÓN BÁSICA DE ADULTOS EN FLANDES

A Educación Básica de Adultos considérase, en Flandes, como sólido pilar no que se apoia a Educación Permanente.

A EBA diríxese a persoas que non posúan as competencias absolutamente necesarias para facer fronte ás situacións coas que cada individuo debe enfrontarse na vida cotiá. É concebida como un medio de loita contra a exclusión social das persoas e grupos desfavorecidos.

A EBA non é un paliativo ás carencias escolares. Non é tampocuco un proxecto de alfabetización que termina cando a persoa sabe ler e escribir. É unha organización máis ampla que inclúe os programas de alfabetización, pero que non abandona ós neolectores e proponlles cursos máis longos, orientados a conseguir competencias funcionais que permitan a súa integración activa na sociedade e o seu desenvolvemento e realización persoal.

As organizacións implicadas no desenvolvemento da educación de adultos deste país teñen a convicción de que todo flamenco debe ser capaz de ser autónomo e a sociedade ha face-lo posible, porá os medios, para que este dereito a autodeterminación persoal sexa realidade.

A oferta educativa na EBA ten os seus eixos en tres fins:

- Alarga-las competencias de comunicación: lectura, escritura e cálculo.**
- Desenvolve-las competencias que permitan ás persoas ser perfectamente responsables das súas vidas.**
- Adquisición das competencias necesarias para participar na vida social e económica, integrarse no mercado de traballo e poder asegura-la súa propia subsistencia.**

Priorízanse as accións dirixidas ós colectivos sociais con maiores carencias ou dificultades.

O acento da EBA está posto no desenvolvemento persoal e social.

Os obxectivos esenciais do conxunto dos proxectos céntranse no cambio das condicións de vida dos participantes.

Dende os anos 80 existe Educación Básica de Adultos en Flandes.

Dende 1990 un **Decreto** e unha **Orde Ministerial** regulamentan exhaustivamente este sector da Educación Permanente.

A partir de 1985 pénsase en dar forma definitiva e apoio oficial ós proxectos e iniciativas existentes de alfabetización e de educación básica de adultos. Investigación, a que se coñece co nome de "Experimento" para aclarar cales son as necesidades reais de EBA existentes nese momento.

O EXPERIMENTO DE EDUCACIÓN DE ADULTOS

En 1985 empeza o **experimento de educación básica de adultos** en cinco vilas do país. Este "Experimento" lévase a cabo durante tres anos. Os fins eran:

- explora-las posibilidades dunha política de educación de base para adultos pouco escolarizados.
- realizar unha rede de institucións e de programas integrados na educación de base para adultos.

O maior impulso viña do "Centro Flamenco de Educación Popular" (VCVO) un novo organismo de estudio, de desenvolvemento e de documentación creado en 1983.

A investigación teórica que se fixo sobre o "Experimento" representa unha mostra da implicación e do papel que a Universidade ten asignada no desenvolvemento da educación dos adultos.

Foi levada a cabo por pedagogos da universidade de Lovaina, baixo a dirección do doctor Water Leirman, director do departamento de Pedagogía Social da facultade de Pedagogía, e realizouse en cinco centros de Flandes de características diferentes para buscar a máxima representatividade.

A investigación proxectouse en **dúas vertentes**:

-O estudo dos **participantes** e as súas necesidades

-O estudo dos **programas**.

Da primeira vertente ocupouse a pedagoga Neyens. Consistiu nunha descrición cuantitativa e cualitativa a dos participantes.

Na investigación **cualitativa** estudiáronse os seguintes aspectos:

* Os procesos de aprendizaxe dos participantes

* As súas motivacións

* Proceso de aprendizaxe en grupo e individual

* Resultado da aprendizaxe

* Problemas no proceso de aprendizaxe

* Análise das dificultades encontradas

Dende o punto de vista **cuantitativo** a investigación centrouse en definir que tipos de persoas demandaban a educación básica de adultos.

O estudo dos programas foi realizado por Eddy Demeersseman.

Sintetiza as cinco liñas básicas de programación nas que se fundamentan os deseños curriculares:

1.- Activación e Axuda para escoller.

2.- Lingua e Cálculo.

3.- Competencias sociais.

4.- Orientación na sociedade.

5.- Orientación para outros estudos.

A análise dos resultados deste experimento levou á elaboración das liñas xerais dun **concepto pedagóxico da educación básica de adultos** do que as ideas fundamentais son:

1.- Curriículum aberto.

2.- Traballar coas experiencias e vivencias dos participantes.

3.- Traballar con temas.

4.- Integración nas súas vidas do aprendido.

5.- Autodeterminación.

6.- Integración do proceso "ensino-aprendizaxe" nun proceso de formación.

A investigación concedeu moita importancia ó estudo da **motivación**, tratando de especificar qué tipos de motivación expresan os participantes de cada programa.

A motivación preséntase de tres formas diferentes:

-Motivación Intrínseca: ten que ver coa necesidade experimentada e expresada pola persoa con respecto a algo.


A persoa é consciente do que sabe e do que non sabe, coñece as súas carencias e quere aprender aquilo que non sabe e que necesita.

-Motivación Extrínseca: Necesidade sentida de facer algo diferente, pero que a persoa en cuestión non sabe nin definir nin expresar. A motivación extrínseca depende do reforzo, os individuos motivados de este xeito deben ser continuamente reforzados polo axente educativo.

-Motivación Condicionada: A motivación que xurde a partires da posibilidade de manter relacións sociais, e que non ten relación co proceso de aprendizaxe.

A motivación evoluciona segundo o gráfico seguinte:

SEGUNDO A DURACIÓN DO CURSO E O TIPO DE PROGRAMA



É dicir, que a motivación evoluciona proporcionalmente ós coñecementos dos participantes, e ós tipos de programas pasando por estadios distintos dende os programas de máis baixo contido nos que a motivación é extrínseca, ós de maior contido nos que a motivación vólvese intrínseca.

A aprendizaxe evoluciona segundo o tipo de motivacións expresada. É máis estereotipada cando a motivación é extrínseca, é dicir cando a motivación depende case exclusivamente do reforzo externo.

A aprendizaxe evoluciona cara a formas máis concretas e funcionais proporcionalmente á evolución da motivación conseguíndose unha aprendizaxe individual cando a motivación é intrínseca, no estadio superior da súa evolución.

A participación nos cursos aumenta a consideración que os adultos teñen de si mesmos e tamén o seu autoconcepto, sentíndose máis seguros e preparados para afrontar os problemas que os levaron a participar nos cursos.

Os dous pedagogos asistidos polo departamento de estadística da Facultade de Pedagogía de Lovaina, codificaron os datos sobre os participantes e sobre os programas, informatizándoos.

As informacións obtidas e codificadas deron lugar a unha base de datos e a un **loxicial específico para a educación básica de adultos**, que se utiliza agora no centro VOEB (Centro Flamenco de Axuda e Sostemento da E.B.A.) e que permite o tratamento estatístico dos datos aportados cada ano polos centros de E.B.A. e un seguimento da evolución dos participantes, o que permite continua-la investigación.

As reflexións que xurdiron da análise deste experimento, as investigacións ás que posteriormente deu lugar, desembocaron na confección dun decreto, o decreto de Educación Básica de Adultos, 1990

DECRETO DE EDUCACIÓN BÁSICA DE ADULTOS

Este decreto coordina o conxunto das iniciativas que se dirixen a adultos pouco escolarizados, integra e dá coherencia á oferta educativa para adultos en Flandes e toma como modelo de organización a proposta polas conclusións do experimento de 1985.

Regulamenta tres aspectos básicos da educación de adultos:

-a organización das actividades que teñen lugar nos centros de educación de base.

-a estrutura que debe soste, apoiar e coordinar estes centros. O VOEB.

-a creación dun Consello para a Educación de Base.

Regula a organización dos centros de EBA e o seu sistema de financiación.

Define ós "adultos pouco escolarizados" como "os maiores que non dispoñen dun certificado homologado de ensino secundario inferior".

Dota dun estatuto de Asociación sen fins lucrativos a tódolos centros de EBA especificando que teñen por único obxectivo a organización da Educación Básica para Adultos pouco escolarizados.

Explicita como estarán compostos os órganos de dirección e que organismos estarán representados.

O financiamento dos centros faise por HORAS/PARTICIPANTE, concepto que consiste en multiplicar o número de horas de formación que cada participante recibe polo número de participantes de cada grupo. A suma das horas participantes de cada grupo dá o número de horas/participante do centro.

A subvención básica acordada a cada centro que dispoña de 6.000 horas participante é de 250.000 francos belgas (aproximadamente 750.000 pesetas) e 250 francos por cada hora/participante.

Para aumentar esta subvención o centro debe aumentala súa taxa de horas/participantes en 4.000 máis.

O Decreto esixe que a formación dos traballadores dos centros de EBA sexa completada con reciclaxes de formación continua específicas en educación de adultos.

Foi publicado no "Monitor Belga" o 12 de xulio de 1992.

O Decreto complétase cunha "Orde" -Arrêtè-do Executivo Flamenco, publicada tamén no "Moniteur Belge", que pon en execución o Decreto de EBA.

Nesta ORDE especificase coma un centro de EBA pode ser agregado á estrutura do DECRETO e cales son os requisitos administrativos que se esixen.

O Decreto entrou en vigor o primeiro de agosto do 1990.

O CONSELLO DE EDUCACIÓN DE BASE

O Consello de Educación de Base elabora os informes sobre o desenvolvemento da E.B.A. e as actividades dos centros para ser presentados ó ministro. Emite a súa opinión sobre as demandas de ampliación dos centros e recomenda ó Executivo Flamenco as medidas preventivas a ter en conta sobre da marcha xeral do conxunto das organizacións que se ocupan da EBA no país.

Compoñen este Consello 21 membros. Os ministros flamencos de Traballo, Cultura e Axuda Social designan cada un a cinco membros. O Ministro de Educación designa seis membros, entre eles o presidente do Consello.

O mandato dos membros do Consello ten unha duración de catro anos.

A este Consello deben chegar cada ano os informes que o VOEB emita de cada un dos centros de EBA do país. Nel estúdiase se os centros poden ou deben ser ampliados, suprimidos, ou precisan maior financiamento. Do seu estudio debe saír un informe que se presente ó Ministro do Ensino do Executivo Flamenco para a decisión definitiva.

O CENTRO VOCB E A FORMACIÓN DO PROFESORADO


O Centro VOCB, Vlaams Ondersteuningseentrum voor de Basiseducatie, (Centro Flamenco de Axuda e Sostemento da Educación de Base para Adultos), é un organismo creado en 1990, segundo as normas explicitado do Decreto que regula a reorganización da educación da básica de adultos en Flandes.

Ten estatuto xurídico de Asociación sen fins lucrativos. Este centro está enteiramente subvencionado polo Ministerio de Educación e os seus órganos de dirección fórmanse da maneira que estipula o decreto. É dicir, tódolas organizacións e asociacións que teñen que ver coa Educación dos adultos están representadas.

O Ministerio de Educación ten os seus representantes nos órganos de dirección e nomea ó director do centro e ó presidente da asemblea.

ORGANIGRAMA DO CENTRO VOCB

Centro Flamenco de Axuda e Sostemento da EBA



O VOCB créase para coordina-la educación básica e optimizala e controlala.

É tamén un centro de investigación continua. A investigación está en íntima relación co traballo práctico dos centros, responde ó modelo de "investigación-acción" ou investigación participante, e, os seus obxectivos están centrados nas necesidades da educación básica de adultos.

FUNCIONES DO CENTRO VOGB

O VOGB marca as directrices técnicas, metodolóxicas, pedagóxicas e coordina o labor dos centros de educación básica de adultos de Flandes.

O obxectivo principal de VOGB é optimiza-la educación de adultos en Flandes. Este obxectivo explicitase en varias tarefas, entre as que se sinalan:

- 1) O desenvolvemento de medios de educación para a E.B.A.
- 2) A reciclaxe obrigatoria e o perfeccionamento profesional.
- 3) A supervisión da planificación dos centros de E.B.
- 4) Supervisión e implementación da calidade do ensino. INNOVACIÓN
- 5) O VOGB axuda ó desenvolvemento de iniciativas con vistas a chegar ós adultos pouco educados.
- 6) O VOGB informa ó Consello de Educación Básica sobre a distribución dos centros, do seu traballo, e das novas iniciativas levadas a cabo.
- 7) Cada ano presenta un informe (rapport) de avaliación sobre o traballo realizado nos centros de E.B. e sobre o traballo do propio centro VOGB.
- 8) Leva a cabo proxectos de innovación educativa en colaboración cos centros de EBA.

Cada ano elabora un dossier para o Ministro. Este dossier elabórase a partires dos cuestionarios que cada centro debe responder no mes de marzo, concernentes tanto ós puntos programáticos, como ó tipo de traballo e á súa calidade, como ás necesidades que o centro experimenta.

A FORMACIÓN DO PROFESORADO

A formación terá como obxectivo prioritario a mellora da calidade do ensino nos centros de E.B.A.

Elabórase un Programa Xeral de Perfeccionamento que ten forma modular e é obrigatorio para todo o profesorado e ten en conta dous puntos de vista:

- 1) Encadra-la formación do profesorado nun marco de formación didáctica
- 2) Encadra-lo no marco da formación socio-cultural.

O programa de formación do profesorado constará de tres fases:

- 1) formación inicial
- 2) fase de perfeccionamiento xeral
- 3) fase de especialización en temas específicos

Tódolos módulos examinan dous aspectos:

-o dos programas e os dos participantes

Os cursos serán dictados por especialistas nas materias e fundamentalmente por profesores da universidade.

O programa de formación é obrigatorio para todo o profesorado. Séguese dentro do seu horario de traballo, considérase como unha parte do traballo, e polo tanto págase.

Os módulos permiten ó profesorado elixir a formación que máis lle interese, pero esta elección ha de ser discutida e acordada no centro de traballo, pois o centro pode estar interesado en contar entre os seus membros cun tipo de especialistas e mesmo pode pedir a un profesor que siga un determinado tipo de formación, xa porque non haxa ningún especialista nela, xa por outras razóns.

O centro pode querer ter tódolos especialistas e entón pedirá ós seus membros que se especialicen en distintas formacións.

Os catro primeiros módulos son de formación xeral.

O profesor debe elixir, entre eles, un como mínimo:

- Organización didáctica.
- Educación básica de adultos.
- Educación de persoas adultas.
- Procesos e dinámica de grupos.

Concíbese como formación continua. O programa está temporalizado e é moi extenso, con varios rexistros de formación tanto teórica como práctica.

CURRÍCULUM

A concepción na que se inscriben os deseños curriculares da E.B.A. en Flandes é o modelo sociocrítico ou ecolóxico.

Esta concepción centra os seus traballos na análise das variables que inciden no deseño da programación e plano de traballo, así como na súa aplicación.

Concédeselle especial importancia ó "currículum oculto" e ó contexto como variable principal, para detectar as necesidades, problemas e expectativas do grupo, características do entorno no que se vai aplicar e proceder á súa análise.

Cada un dos centros de EBA ten por misión organizar un conxunto coherente de actividades educativas dirixidas a grupos de adultos pouco escolarizados (persoas maiores que non dispoñen dun certificado homologado de ensinanza secundaria inferior).

É característico dos seus currículos a preocupación por dotar a toda persoa dos medios para poder actuar autónomamente na súa vida e ser un membro activo e independente na sociedade.

As Liñas de programación:

- 1.- Activación e Axuda para escoller.
- 2.- Lingua e Cálculo.
- 3.- Competencias sociais.
- 4.- Orientación na sociedade.
- 5.- Orientación para outros estudos.

Combínanse de modo que se adaptan ás necesidades dos participantes. Nun mesmo programa aparecen máis dunha liña e en todos é relevante a liña de "Competencias sociais" que se completan con "Orientación na sociedade" chegando a fundirse as dúas en moitos programas.

Os participantes dos programas de "activación" son os que teñen máis problemas concretos, específicos. Coincidindo tamén en que son os participantes que menos capacidade teñen para expresalos.

O grupo motiva ós participantes, animaselles a falar dos seus problemas. Os programas intentan motivalos para que se decidan a expresalos e a buscar as solucións posibles. Teñen unha duración dunhas poucas semanas e a súa finalidade é axudarlles a decidir que tipo de formación será o adecuado para optimiza-las súas capacidades, encontrar outro traballo e soluciona-los seus problemas por medio da formación. O obxectivo é, polo tanto, conseguir que os participantes se queden no centro e sigan outros cursos.

Os programas desenvolvidos baixo a liña de programación "**Lingua e Cálculo**" pretenden dotar ós participantes dos contido instrumentais mínimos para podérense desenvolver nunha sociedade na que ler, escribir e calcular constiúen coñecementos indispensables para poder funcionar eficazmente.

O propósito fundamental da liña de programación "**competencias sociais**" é axudar ós participantes a descubri-la maneira de funcionar autonomamente na sociedade para que poidan exercer-los seus dereitos sociais e conseguir un grao cada vez maior de autodeterminación.

Pretende contribuír a que os participantes saiban manexar e controla-las súas vidas a partir dos seus propios problemas e preguntas.

Está conectada moi directamente cun dos fins expresados da E.B.A. a loita contra da exclusión social.

Preténdese que o que os participantes aprenden nos cursos sexa efectivamente exercitado na vida real.

Os temas destes cursos son, por tanto, de contido social e práctico, sacados da experiencia social e que respondan as necesidades e actividades da vida cotiá.

A liña de programación "**Orientación na sociedade**" destínase a incidir na formación dos individuos en aras a conseguir que saiban exercer-los seus dereitos, respecta-los seus deberes e beneficiarse das vantaxes que a organización social ofrece.

Os programas de "**Orientación para outras formas de estudio**" pretenden orientar ós participantes cara outras formas de estudio ou formación que os leven a poder participar con eficacia no mundo do traballo e podérense integrar na sociedade de xeito activo e que permita a súa autorrealización persoal. Son os programas máis próximos á educación compensatoria ou ó ensino de segunda oportunidade.

As cinco liñas básicas dan orixen a programas diferentes.

Nun mesmo programa poden integrarse as cinco liñas ou varias delas.

Poderíase dicir que existe un programa diferente para cada grupo de participantes e que este programa parte sempre das necesidades dos participantes cos que se traballa preténdese que sexan coñecementos capaces de influír na organización das súas vidas.

Outra característica dos currícula é a **flexibilidade**.

As liñas de programación son un marco que permite organizar unha aprendizaxe significativa e práctica dende o punto de vista social. A flexibilidade dos programas permite incluír en cursos de lingua ou de cálculo contidos de competencias sociais ou de "orientación na sociedade".

Os currícula non son prescriptivos, o que permite organizar a cada centro as súas propias vías de aprendizaxe, tendo en conta as características e os coñecementos dos seus participantes.

A natureza flexible dos programas permite ós participantes definir eles mesmos os seus obxectivos de aprendizaxe.

Falar de flexibilidade non é falar de comportamentos educativos pouco estruturados, senón todo o contrario. A flexibilidade implica unha estruturación maior, a integración de varias liñas de programación nun mesmo grupo e un control da súa eficacia.

Os contidos de tódolos programas teñen unha aplicación inmediata, o que aumenta a motivación dos participantes e permítelles aumentala súa curiosidade, integrando o aprendido máis doadamente.

Búscase que produza resultados inmediatos e que sirva sobre de todo para mellorar aspectos das súas vidas e sirva de guieiro para a auto-integración social.

BIBLIOGRAFÍA

- ARRETE de l'Exécutif Flamand, Bruxelles, 18 de xullo 1990.** Moniteur Belge.
- DAVE, R.H. (1979):** *Fundamentos de Educación Permanente.* Santillana. Madrid.
- DECRETO DE EDUCACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS, 8 abril 1976.** Moniteur Belge.
- DECRET** portant organisation de l'éducation de base pour adultes peu scolarisés. Traducción francesa. Bruxelles 12 de xullo 1990. Ministère de la Communauté Flamande. Moniteur Belge.
- De JONG, L; DEMEERSSEMAN, E; VERDURMEN, H; VIENNE, S.:** Het Eerste Leer-Jaar. Rapport over de ontwikkeling van de basiseducatie werkjaar 1990-1991. Vlaams Ondersteuningscentrum Voor de Basiseducatie. (VOCB).
- DIRECTION GENERALE DE LA CULTURE ET DE LA COMMUNICATION.:** Répertoire des organisations générales d'éducation permanente. Bruxelles, 1991.
- EGIDO, I.; HERNANDEZ, C.:** *La educación en Bélgica.* Cuadernos de Pedagogía, octubre 1990. N. 185.
- FLECHA, R. (1990):** *Educación de las personas adultas, propuestas para los años noventa.* El Roure. Barcelona.
- GEHRE, G.:** *Education de base et secteurs connexes en Flandre: des possibilites de collaboration.* Lovaina xullo 1991. Artigo.
- GERVILLA CASTILLO, A. e outros (1988):** *El currículum. Fundamentación y Modelos. El modelo Ecológico.* Innovare. Málaga.
- GOFFINET, S.A.; VAN DAMME, D. (1990):** *Analphabetisme Fonctionnel en Belgique.* Fondation Roi Baudouin. Institut de l'UNESCO pour l'éducation. Bruxelles.
- LEIRMAN, W.:** *From Existential Problems And Challenges to Goals and Contents of Adult Education: A Delphi Research Contribution.* Ponencia presentada en el Congreso de Educación de Adultos. Barcelona, Novembro 1991.
- LEIRMAN, W.;VANDEMEULEBROECKE, L. y OTROS. (1991):** *La Educación de Adultos como Proceso.* Popular. Madrid.
- REQUEJO OSORIO, A. (1990):** *O analfabetismo en Galicia: Unha perspectiva e análise no Ano Internacional da Alfabetización.* Artigo do "El Correo Gallego".
- REQUEJO OSORIO, A.:** *Política educativa de la educación para adultos en España.* Ponencia presentada en Rennes 1991.
- REQUEJO OSORIO, A.:** *Análisis de la política de formación para el empleo en España.* Artigo inédit